



Orencio Pérez González

A vocación galeguista dun xuíz


GALEGUIZAR GALICIA



Orencio Pérez González

A vocación galeguista dun xuíz

GALEGUIZAR GALICIA



GALEGUIZAR GALICIA

© dos textos: os autores

© da publicación: Asociación de Funcionarios

Edita: Pío García Edicións

Coordinación e corrección lingüística:

Xosé González Martínez

Carme Pérez Vaquero

Deseño: Nerea Otazo Echeverría

Imprime: Artes Gráficas Litonor

Depósito Legal:

Orencio Pérez González

A vocación galeguista dun xuíz

GALEGUIZAR GALICIA

PRÓLOGOS

As peculiaridades territoriais de Galicia condicionaron a súa historia. A súa organización social baseada nun dereito consuetudinario, que inclúe institucións xurídicas do dereito xermánico, regularon a propiedade privada e as vicisitudes históricas. Isto demostrou a abundantísima bibliografía publicada deica hoxe. A preocupación polo tratamento que había que darlle á propiedade privada, identificada sempre co minifundismo, foi obxecto de debates e congresos. A literatura galega dos séculos XIX e XX -poesía e narrativa- foi o instrumento axeitado para reflectir a complexidade da nosa organización social, fundamentalmente agrícola. Ramón Cabanillas é por dereito propio o poeta que pon a súa pluma ao servizo da causa redencionista. Neste empeño contará co abade de Beiro, Basilio Álvarez.

O Congreso de Economía celebrado en 1925 na cidade de Lugo é o paradigma do cónclave do galeguismo que quería unha nova orde social e económica que o Estado moderno e as súas elites dirixentes non querían ou non eran capaces de artellar. As diversas asembleas nacionalistas, principalmente a celebrada en Monforte,

fixo fincapé na necesidade de buscar alternativas ás transformacións que se estaban a operar na sociedade enclavalega. A constitución das sociedades agrarias, de forte arraigamento no agro galego polarizaron durante varias décadas a tensión que vivía Galicia co Estado e o ordenamento xurídico que pexaba o seu desenvolvemento. Sucedéronse os conflitos en Sofáne Sobredo, protagonizados por labregos que reivindicaban o acceso á propiedade e a abolición dos foros.

Unha pléiade de xuristas puxéronse á fronte na defensa da modernización do agro galego. O primeiro terzo do século XX foi un período de vixosa actividade protagonizada fundamentalmente por xuristas e avogados. Publicacións que xa viñan de vello como “A Monteira” ou o “Tío Marcos da Portela”, son medios de comunicación que se poñen ao servizo do agrarismo, un movemento que foi considerado pola III Internacional como a máis importante de Europa.

No fragor das loitas agraristas xorde a defensa da identidade galega e con ela a lingua maioritaria da poboación. O anecdotario dos paisanos e a relación

coa xustiza por mor da utilización da lingua nos xulgados é considerable. Castelao reproduciu moi ben esa situación nalgunhas das súas viñetas. Xorde deste xeito un sector dos profesionais da avogacía ao que pertencen Sebastián Martínez Risco, Roberto González Pastoriza, Valentín Paz Andrade, Fermín Bouza Brey... que proclaman a necesidade de galeguizar a Administración de Xustiza. A sublevación militar do ano 1936 impediu que agromase na avogacía galega unha maior identificación coa nosa cultura.

Orencio Pérez González, que foi titular do Xulgado de Instrución número 5 de Vigo e activo militante da normalización lingüística desde as filas da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, secundou as arelas dos precursores do galeguismo e, no marco do novo ordenamento xurídico que regula o uso das linguas nas Administracións de Xustiza, don Orencio galeguizou o seu xulgado. Por esta razón a Concellería de Cultura do Concello de Vigo quere renderlle xusta homenaxe erixíndolle un busto.

Xesús López Carreira
Concelleiro de Cultura do Concello de Vigo

Durante varios anos o xulgado de instrución nº 5 de Vigo realizou a súa actividade cunha presenza importante do idioma galego en todos os actos do proceso. Nesa etapa Orencio González Pérez era o titular do xulgado e eu actuaba como Fiscal adscrito o mesmo.

Orencio, como profesional da xustiza, tiña moi claro que os xuices, como calquera outro funcionario en contacto permanente cun cidadáns que pretenden facer uso no proceso dos seus dereitos lingüísticos, debían efectivamente coñecer a lingua en que se dirixen a eles, a fin de satisfacer o seu dereito fundamental a unha tutela xudicial efectiva.

A partir dese posicionamento, no seu xulgado facíanse todos os xuízos orais e ditábanse as sentenzas no noso idioma, sen que nunca se dera o caso de que as partes alegaran indefensión polo seu descoñecemento, mesmamente algúns disculpábanse por non poder facelo en galego. Centos de xuízos se celebraron sen que a lingua constituira nunca un impedimento senón que, pola contra, revelouse coma un instrumento enormemente eficaz para

transmitir as apreciacións dos feitos nos relatorios das testemuñas.

Nun eido tan difícil de normalizar lingüísticamente como a Administración de Xustiza, o papel de Orenco foi determinante, a dun auténtico precursor convencido de que nos procesos de selección para a función pública xudicial deberíase acreditar un coñecemento adecuado e suficiente do galego, tanto na súa expresión oral como na escrita, ao resultar enriquecedor para cumprir coas funcións propias de quen exerce nun territorio con lingua propia.

Así terá que ser, por canto Orenco tiña moi claro que a cooficialidade lingüística manifestaba, como consecuencia fundamental derivada, a existencia dun dereito de uso por parte dos cidadáns da lingua oficial da súa elección nas súas relacións cos poderes públicos radicados en Galicia, sen que os actos así realizados experimentaran merma na súa convalidación xurídica.

No caso da Administración de Xustiza correspón-

delle ao Poder Xudicial a competencia da organización para posibilitar sen reparos tal elección, establecendo os medios necesarios para poder atender aos usuarios que demanden as actuacións procesuais en galego e que elo se reflecta de maneira efectiva nos órganos xudiciais correspondentes.

Orenco, como profesional do dereito concienciado na necesidade de garantir a efectividade dos dereitos lingüísticos dos cidadáns, ofreceu esta actuación de maneira inmediata sen recorrer nunca á tradución, para evitar o retardo na prestación xurisdiccional.

Transcorridos dez anos desde o seu pasamento vimos de constituir, en acto formal celebrado en Celanova, a Irmandade Xurídica Galega (IXUGA) que pretende aglutinar a todos os xuristas que desexen optar por facer materialmente o seu traballo en galego dentro do marco da legalidade establecido pola Constitución, o Estatuto de Autonomía, a Lei de Normalización Lingüística e a Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Desta maneira os litigantes poderán dotarse dunha representación legal e dunha dirección letrada que coñeza a lingua oficial propia para que poida ser utilizada como lingua do proceso.

Con esta actuación trátase ademais de afondar nos dereitos e deberes que teñen os cidadáns e os profesionais cando se relacionan coas instancias xudiciais e os usos que prescribe a lei para o persoal que serve no poder xudicial, na medida en que o funcionario tamén é portador dunha serie de obrigacións e dereitos lingüísticos que se teñen que articular cos que exercen os cidadáns e os profesionais que participan no proceso.

Despois de tantos anos de cooficialidade lingüística, consagrada pola Constitución de 1978, é notoria, sen embargo, a lentitude coa que Administración de Xustiza está acometendo a incorporación do uso oficial do galego as súas propias estruturas.

Ata o momento, o coñecemento da lingua cooficial non tén pasado de ser un simple mérito para ac-

ceder a certos postos ou cargos, pero seguen sen crearse prazas con perfil lingüístico definido, de tal maneira que o dominio da lingua sexa requisito necesario para poder desempeñalas.

Semella que tampouco se teñen explorado dabondo as posibilidades que ofrece a vixente lexislación procesual para avanzar cara o bilingüismo, no exercicio da función xurisdiccional, nunha dirección interpretativa que satisfaga o dereito de quenes utilicen a lingua cooficial e se atendidos na devandita lingua, sen depender de traducións que poidan debilitar a vixencia do principio de inmediación.

Neste contexto o artigo 231 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, se ben dispón que “as partes, os peritos e as testemuñas poden utilizar tamén a lingua cooficial nas súas manifestacións orais e escritas e que os documentos presentados en dita lingua terán plena validez e eficacia sen necesidade de tradución o castelán”, omite calquera referencia ao dereito das partes a ser atendidas no idioma autonómico, cando así o soliciten, dentro dun proceso que se tramite en castelán.

Sería este un exemplo de cómo unha Lei de Política Lingüística podería recoller a competencia da Comunidade Autónoma para regulamentar o alcance efectivo da cooficialidade e a súa incidencia en materias cuxa disciplina corresponde, en principio, aos órganos xerais do Estado.

De estar hoxe con nós, Orencio sería un membro activo da “Irmandade Xurídica Galega” consciente, como era, da facultade dos pobos de esixir, na identidade que a lingua proporciona, o dereito a facer uso deste medio de expresión en calquera ámbito de actividade e particularmente de maneira real e efectiva no sector da Xustiza, mediante a colaboración das diversas institucións estatais que actúan nesta área, pero tamén cun imprescindible exercicio competencial inequívoco por parte da Xunta de Galicia, que garanta o dereito subxectivo o seu uso e a resposta na lingua galega elexida cando o interlocutor sexa un organismo ou poder público.

Carlos Varela García
Fiscal Superior de Galicia

Cando cheguei destinado a esa cidade apaixonante, que é Vigo, coñecín a don Orencio, o maxistrado do Xulgado de Instrución número 5. Na súa relación cos meus colegas facía gala do compromiso coa Terra desde unha posición de acoramento na nosa cultura.

Participaba decididamente no que definimos como “facer país”. Tal vez por iso, polo seu natural de persoa de ben e pola súa condición de xuíz rigoroso e sensible, deseguida xermolou entre nós a amizade, amizade respectuosa que medrou co paso do tempo e co descubrimento da súa entrañable dona, Chelo para miña familia.

Deste xeito os dous entraron na nosa vida pola porta dos afectos, e mesmo Orencio foi o presentador damiñanovela Olume de Santo Antón, profetizando a xenerosa aceptación que logo ía ter.

En Orencio atopei un home máis forte do que se puidera pensar, malia a súa prudencia no dicir e no ton pausado da palabra. Falaba cos ollos, sen ver-

bo. Co pasamento de Orencio furouse o cesto das esencias da nosa cultura popular e perdeuse unha parte da mellor semente na eira da xustiza en Galicia. Outros seguen o seu ronsel, aínda que, como ser humano individual, non poderá ser endexamais substituído.

Orencio seguirá a ser o noso amigo, a lembranza dun gran home, un luceiro na noite estrelecida de Galicia.

Luís Manuel García Mañá
Xefe Superior de Policía de Galicia

C oñecín a Orencio hai un cuarto de século, cando unhas vinte persoas nos xuntamos na vella casa da Praza da Universidade de Santiago onde estáo Instituto da Lingua Galega, coa idea de crearmos o que veu ser a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia.

Case todos os alí reunidos eramos xente nova, entre os vinte e trinta anos, funcionarios e funcionarias da Xunta e do Parlamento de Galicia -institucións que apenas se botaran a andar-. Soamente dous -que eu recorde- procedían da Administración da Xustiza: Claudio Movilla, maxistrado, e Orencio Pérez, daquela secretario xudicial. Tiñan outras características comúns: unha delas, que eran os de máis idade dos que ali estabamos e a outra -entón descoñecida para mín-, que eran caldeaos, orixinarios da vila de Castro Caldelas.

Naquela primeira ocasión os presentes parolamos abondo sobre as ideas de arrexuntar a función pública e maila lingua galega nun mundo que

mudaba a cotío; os máis novos, cun aquel de ensoño e inconsciencia; os máis vellos, cun algo de descrenza e incredulidade. Lembro que no medio daqueles intercambios dialécticos xurdiu un home, que podía ser o meu pai, que falaba con sinxeleza e sen vaidade, nun acento enxebre e inconfundible, dicindo as cousas con convición. Sentín que aquel Orencio transmitía seguridade e, entre as incertezas e os receos que nos anegaban, tiñamos un facho que podería iluminar a nosa navegación cando devalase por augas revoltas.

Para mín, Orencio mantivo ao longo da súa vida esa condición de home bo, fiel á súa propia orixe e á sociedade que lle tocou servir, con autenticidade e fuxindo de fachendas e doutros afeites.

Entendo que esas cualidades son esenciais nunha sociedade libre e democrática e dignifican o valor das persoas -de calquera persoa- e tamén, por suposto, dun xuíz, con independencia de que saiba máis ou menos dereito hipotecario ou procesual.

O idioma galego era un dos elementos vertebrais daquela bonhomía e autenticidade e nós, os seus amigos e compañeiros, estamos obrigados a cultivar a nosa fala por unha Galicia máis xusta e máis libre. Por iso lle rendemos homenaxe a Orencio e tamén por iso honramos a lingua galega.

Xoaquín Monteagudo Romero
Presidente da Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística de Galicia

DATOS BIOGRÁFICOS



Orenco Pérez González foi un funcionario que asumíu un compromiso persoal coa lingua e co país. Nado en 1928 en Trabazos, Castro Caldelas, estudou o Bacharelato nos Escolapios de Monforte e traballou un tempo como mestre na academia que os coñecidos irmáns Saco, perseguidos polo franquismo, tiñan na rúa Petín de Ourense. Máis a súa vocación era outra e axiña marchou estudar Dereito en Compostela, tralo que exerceu como avogado uns anos. Despois viñeron as oposicións a secretario xudicial, que gañou co número un, e anos máis tarde o ingreso na carreira xudicial. Desde 1989 e ata a súa morte, acaecida en 1998, foi maxistrado titular do Xulgado de Instrución número 5 de Vigo. Durante este período desenvolveu toda a súa actividade profesional en lingua galega, recibindo diversos premios e recoñecementos públicos.

Pertenceu á Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia.

Publicou e diversos xornais galegos artigos de opinión e algunha colaboración literaria en obras colectivas.

ARTIGOS

A LEI Ó REVÉS

Hai agora sesenta anos que un dos máis eminentes patriotas galegos, economista de gran sona e funcionario da Delegación de Facenda de Pontevedra caía baixo as balas asasinas na Caeira. Trátase de Alexandre Bóveda, home leal onde os haxa, que foi sometido a proceso por rebelión militar, cando o único que fixo foi permanecer leal ó goberno lexítimo da República mentres que os que o xulgaron eran precisamente os que se rebelaron contra a legalidade republicana. É un caso de surrealismo, un puro proceso kafkiano que sería para producir risos, se non tivera ocasionado sangue e bágoas, xa que se daba o caso de que os xulgadores eran os rebeldes e os que deberan ser xulgados.

Era Bóveda membro destacado do partido galeguista, redactor do proxecto de Estatuto en materia económica e intelectual de altos vóos no campo do galeguismo e precisamente esta cualidade de intelectual aguzou a xenreira dos seus verdugos xa que eles sabían que un pobo privado dos seus dirixentes é un pobo manexable e isto foi o que quixeron conqueri-los factores de “España Una”.

Hoxe, que en sectores oficialistas xa se acepta o nome de Castelao, máis discutiblemente o seu pensamento, pasan con indiferenza sobre a figura de Alexandre Bóveda e prefiren non mentalo, e en dúas ocasións o Parlamento Galego rexeitou a iniciativa de declara-lo 17 de agosto como Día de Galicia Mártir e mesmo a Deputación de Pontevedra e mailo seu Concello non acolleron a proposta de nomealo fillo predilecto.

Esta situación debe acabar, calquera goberno debe honrar ós que loitaron para que Galicia poidera chegar a ter goberno de seu e mesmo pedi-la revisión do proceso que determinou a súa morte.

Non se trata de remove-lo pasado, senón de facer xustiza histórica e de que os galegos coñezamos a nosa propia historia. A Fundación Alexandre Bóveda coa colaboración do Concello de Poio inaugurarán un monumento ó mártir da Patria no sexésimo aniversario do seu pasamento. Que cunda o exemplo.

(Faro de Vigo, 17.8.96)

AMOR Á LINGUA

A nosa lingua, fala na que se expresaron os nosos devanceiros, na que o pobo sinxelo cantou as súas dóres e inxedanzas é a meirande creación artística do pobo galego ó longo dos séculos, é vencello que nos une a tódolos galegos que foron, somos e serán, dende a Baixa Idade Media ata consumarse as mil primaveras que o inmorrante Alvaro Cunqueiro profetizou para o noso idioma. O falar unha mesma lingua únenos ós que naceron en lugares tan distantes coma os duros cantís de Fisterra ata os mornos vales do Sil, desde as terras batidas polas ondas do Cantábrico ás mansiñas augas das Rías Baixas.

Se os galegos podemos ter o lexítimo orgullo de pertenza a unha Comunidade diferenciada é por obra e graza da lingua, pois Galicia é tal por ter lingua de seu e o seu uso faránnos libres como colectividade e como persoas. Xa que como dixo Goethe: "Só aquel que soubo conquistar cada día a súa liberdade é dino, debe ser libre".

O ter lingua propia e falala debe ser un timbre de gloria para todos os galegos, e non se concibe a

deserción dos que esquecéndose da fala dos seus pais empezan a usar outra allea, dando unha penosa sensación de avergonzárense das súas orixes e esbardallan contra a súa fala, pero a Historia situará a cada quen no seu lugar e nunca os desertores, renegados e desleigados, tiveron posto na Historia, máis que aquel ben triste de "Roma non paga traidores". A todas esas xentes cabe preguntarlle ¿cómo pretendedes ser galegos se non sabedes falar a vosa lingua?.

Por circunstancias históricas o galego foi expulsado dos usos oficiais, pero conservado polo pobo sinxelo, principalmente polos labregos e mariñeiros, malia a deserción da aristocracia e despois da burguesía e a aquela xente é a que debemos o conservar a fala, xa que como dixo o escritor francés Daudet: "Cando un pobo cae na escravitude, se conserva a súa lingua propia é como se tivera a chave da prisión". Pobos asoballados como o polaco rexurdiron e foron ceibes grazas a que conservaron a súa lingua. Un pobo é máis culto e é tanto máis respetado canto máis amor demostra polo que é seu.

Vaian agora, no abrente de 1995, os meus saúdos garimosos para tódolos galegofalantes, especialmente para os pais que rexeitando certas modas, seguen a falarlle ós seus fillos na lingua da terra, ós mozos e mozas que seguen a empregar a nosa fala, ós escritores, xornalistas e artistas que desprezando pobres melloras económicas, seguen a facer a súa obra en galego, ós que desde as diversas administracións, desde as oficinas ou os obradoiros, seguen a teimar pola nosa fala. Eles están a facer Patria.

(Faro de Vigo, 15.01.95)

DEREITO E LINGUA

A Lingua e mailo Dereito son os dous sinais de identidade máis característicos dunha nación, pois ó carácter e modo de ser dun país corresponde certo xeito de falar e tamén as peculiaridades das súas institucións xurídicas.

Así un país de sentido artístico tan desenvolvido como é Italia sacou unha lingua de xiros harmónicos, como o italiano, e así como unha nación de “estepas e páramos sen fín” tan pegada do seu que en palabras do poeta Machado “despreza canto ignora” como é Castela, xerou unha lingua dura e cortante como o castelán, que se vai docificando a medida que camiña cara ó sul, consonte co país que a usa como Andalucía, Canarias, Latinoamérica e tamén é natural que un pobo tan pragmático como o galego, cunha paisaxe de montes suaves e vales amantiños, de clima morno, fale unha lingua doce, sen xiros terminantes.

O mesmo cabe dicir no tocante ó Dereito, de xeito que cada país creou o Dereito que o modo de ser e necesidades da súa poboación demandan. Diciame

A r t i g o s

un amigo catalán falando dos rexímenes matrimoniais que eran normal que o sistema de gañanciais estivese vixente nun país de campesiños como Castela, pero que non servía para unha nación de comerciantes como Cataluña onde a temeridade nos negocios dun dos compoñentes da parella poidera acarrexar a ruina do seu consorte e por esta razón o rexíme normal é o de separación de bens.

Por estas razóns Lingua e Dereito van intimamente unidas á idiosincrasia de cada pobo, de tal xeito que a expresión oral ou escrita dunhas institucións xurídicas perde forza cando se fan a través doutro idioma. Vén isto a conto porque co gallo da publicación da Lei do Dereito civil de Galicia editáronse algúns artigos e déronse conferencias no noventa por cento dos casos na lingua de Cervantes e non na de Pondal, oíndose pérolas do xeito: “los muiños de los herdeiros”, “Los montes veciñais”, “las agras e los vilares”, ou falar “del cómaro de las leiras extremeiras”. Pero non todo vai nesa dirección, pois hai pouco atopei unha obra titulada “Rexíme económico-familiar e sucesorio na Lei do Dereito Civil

A r t i g o s

de Galicia” e cando vin ó autor decateime de que se trataba do meu amigo Victorino Gutiérrez Aller, que usando a nosa lingua, coma sempre fai, realiza un estudio sinxelo pero ricaz e clarexador das institucións que lle dan título á obra. As miñas felicitacións para o seu autor e que o exemplo cunda.

(Faro de Vigo, 17.05.97)

EN LEMBRANZA DE MANUEL AZAÑA

Nestes días luminosos de primavera, cando se cumpre outro ano da proclamación da II República, quero adicarlle este pequeno traballo a quen fora alma e vida daquel réxime e quizáis máis completo personaxe do século XX, Manuel Azaña.

Era intelectual de altos vóos, escritor, elegante, un dos máis grandes en lingua castelá deste século e principal inspirador da política republicana onde foi Ministro da Guerra, despois Presidente do Goberno, cargo do que dimitiu en 1933, voltando en 1936 tralo triunfo da Fronte Popular nas eleccións do 16 de febreiro dese ano e que deixou para pasar a presidir a República e como Presidente sofre a enorme traxedia da “guerra incivil”, percibindo claramente que o resultado sería que todos foramos los vencidos e cando as tropas franquistas ocuparon Catalunya dimitiu e morreu pobremente en Moutban en 1940.

Agora, que se exalta a personaxiños de ambigua conduta facéndoselles verdadeiras haxiografías, coindo que é hora de lembrar a quen foi tan honrado

que por moito que os seus inimigos, que os tivo a eito, intentárono, xamais o poideron acusar dunha corrupción ou de tolerala.

Foi un home que quixo facer de España un país europeo, procurando que deixase de ser un país feudal onde bateu con moitos intereses que lle fixeron imposible a súa tarefa, decatouse, claramente do feito diferencial de certas partes do territorio do Estado e sacou adiante o Estatuto de Catalunya, malia a oposición que atopou.

Percibiu claramente a desgraza da guerra e cando Madrid estaba sometido ós bombardeos da aviación franquista, puxo o máximo coidado en que se salvaran as obras do Museo do Prado, dicindo: “Despois de mil anos ninguén se lembrará de Franco nin de mín, máis si das Meninas”.

Fronte ás baladronadas dos sublevados, contra o berro negativo dun Millán Astray -¡Viva la muerte, muera la inteligencia!- diante dunha Igrexa que aliándose cun cando falaba dunha Cruzada, el

considerou como a maior calamidade que puido acontecerlle a un pobo, copio unha parte dun discurso en catalán, no seu idioma, pronunciado en Barcelona durante a guerra:

“Pero es obligación moral, sobre todo de los que padecen la guerra, cuando se acaba como nosotros queremos que se acabe, sacar de la lección y de la maza de escarmiento del mayor bien posible, y cuando la antorcha pase a manos y otra vez el genio español vuelva a enfurecerse con la intolerancia y con el odio y con el apetito de destrucción, que piensen en los muertos y que escuchen su lección: la de esos grandes y que ahora, abrigados en la tierra materna ya no tienen odio, ya no tienen rencor y no envían, con los destellos de luz, tranquila y remota como la de una estrella, el mensaje de la patria eterna que dice a todos sus hijos: Paz, Piedad y Perdón”.

Tal era o home.

(Faro de Vigo, 10.05.95)

¿ESTADO LAICO?

Dous artigos dos meus amigos Xosé González Martínez e Xosé Luís Méndez Ferrín, publicados neste mesmo xornal sobre a continua presenza das autoridades civís presidindo actos da relixión católica e mesmo a atribución de cargos militares honoríficos a determinadas imaxes, extrañándose que tal cousa acontecese nun Estado laico fixéronme reflexionar sobre se o Estado español é un estado laico, aclarando que un Estado laico non é un estado antirrelixioso, senón un Estado que protexe a liberdade de cultos e garantiza a pluralidade de credos relixiosos que debe conducir a que o Estado non pode conceder subvencións ou privilexios a unha determinada confesión nin as autoridades tanto estatais, autonómicas ou locais non deben presidir actos de culto de ningunha confesión.

A Constitución española de 1978 regula o tema no artigo 16 que é un modelo de antigüidade que se completa no artigo 9 do artigo 27, lonxe da claridade con que regulaba o tema o artigo 26 da Constitución republicana de 1931, a máis democrática das nosas constitucións.

O poder político sempre buscou sumar elementos lexitimadores para atopar obediencia e sumisión, valéndose da relixión como un destes elementos pero o poder eclesiástico non só se deixou utilizar, senón que o procurou xa que con isto estendía a súa influencia máis aló do ámbito que lle era propio.

Ámbolos dous poderes engoioláronse e refugáronse mutuamente procurando, cada un, saca-lo maior proveito desa colaboración, se ben en España a Igrexa sempre levou a mellor parte.

A separación do Estado xa estaba acordada polo Concilio Vaticano II, que o Estado franquista nunca quixo aplicar na súa integridade.

Logo, antes de aprobarse a Constitución, o goberno da UCD celebrou uns concordatos co Vaticano, cando a Constitución xa estaba redactada, que non se axeitaban á Constitución, que estaba a promulgarse e que foron aprobados polas Cortes o día 3 de xaneiro de 1978, cando había uns días que en-

trara en vigor a Constitución, sen que ningún dos partidos do arco parlamentario se atrevese a impugnalos perante o Tribunal Constitucional, se ben este manifestou nalgunha das súas sentenzas dúbidas sobre a constitucionalidade de tales acordos.

Logo, baixo a vixencia da actual Constitución, as novas autoridades elixidas democraticamente, agás uns poucos, deveceron por amosárense presidindo procesións coa compracencia das autoridades eclesiásticas, aínda que houbo algúns casos como o do Cardeal Primado, que lle impediu a certo Ministro que presidise a procesión do Corpus, en Toledo, pero, en xeral, o clero sentíuse afalagado con esta mestura cos gobernantes de turno, o que lle permitiu continuar as intromisións máis ou menos desimuladas en asuntos temporais.

(Faro de Vigo, 15.9.97)

GALICIA SEGUE A ESTAR REPRESENTADA POR ZAMORA

No ano 1348, reinando Alfonso XI, privouse a Galicia de representación nas Cortes do Reino, encargándose á cidade de Zamora de falar por ela, quedando o noso país sen representantes nas Cortes e sendo os procuradores dunha cidade allea os que tiñan a súa representación naquela asemblea.

Esto provocou que o País, se ben formalmente integrado na Coroa de Castela, se vise sumido nunha situación colonial sen ter voz nin representación nunhas Cortes onde se decidían os asuntos que lle afectaban.

Hoxe, pasados bastantes séculos daquel episodio, a situación segue a ser semellante. Non é que hoxe os deputados e senadores da cidade castelá segan a falar por Galicia, máis si que, a diferenza doutras nacionalidades históricas como son Euskadi e Cataluña, que teñen forzas parlamentarias propias, os representantes eleixidos por Galicia pertencen a dous partidos mesetarios nos que a obediencia a Madrid e maila disciplina de voto prevalecen sobre os intereses do País que os eleixiu.

Disto tivemos o exemplo non hai moitos anos cando estaba a redactarse o noso Estatuto en que os deputados de UCD, entón partido maioritario en Galicia, aceptaron coa docilidade de mansos cordeiriños a famosa cláusula do artigo 32-4, que valeiraba de contido as poucas concesións que nos facía o Estatuto; e máis tarde nas negociacións para a entrada nas Comunidades Europeas os intereses de Galicia foron postergados en beneficio doutras nacións con representación de seu e co colmo da desvergoñacandoa Televisión española estaba a celebrar a entrada no Mercado Común e a sinalar os beneficios que para as distintas Comunidades do Estado tería tal feito, dísenos que para Galicia o beneficio sería que os traballadores galegos poderían ir libremente a traballar ós diferentes países que integraban a Comunidade Europea, ou sexa que seríamos exportadores de man de obra barata. Así as nosas conservas, construcións navais, explotacións leiteiras foron sacrificios a intereses alleos.

Visto o resultado das últimas eleccións xerais o panorama non parece cambiar, pois foi eleixido un lote

de deputados cuneiros que só naceron en Galicia e que desenvolveron a súa actividade en terras alleas e dos que se lembran os aparatos dos partidos para presentalos por Galicia, porque aquí se pasa todo o que con desprezo da nosa lingua fixeron en Albacete, Toledo ou Valladolid, nos que os problemas de Galicia nin son mentados nin lles preocuparon ren.

Despois dos comicios escoitei lairse a moita xente “é unha vergoña que os vascos, os cataláns, e incluso os canarios, os aragoneses e valencianos, teñan representación de seu nas Cortes de Madrid” e, sen embargo, non se queixen da xente que presumiblemente non votou as opcións galegas, que moi desunidas ou envoltas con outras centralistas, se nos ofertaron. A esta xente débeseles lembrar que as representacións conquírense con votos e non con laios e que candidatos que desprecian a nosa lingua, o maior sinal de identidade de Galicia e cerne da Nación, e que sacrifican os intereses galegos ós centralistas con tal de ter un posto ó sol do poder, endexa mais serán uns dignos voceiros de Galicia.

(Faro de Vigo, 4.05.94)

LOUVANZA DA REPÚBLICA

Cúmprese por estas datas un ano máis -e van sesenta e tres- daquel 14 de abril de 1931 en que se proclamou a segunda República e deu a este País o primeiro sistema democrático que tivo.

Foron anos, senón felices, si esperanzadores e ilusionantes nos que se estiveron algunhas das normas máis progresistas ata entón coñecidas, voto da muller, estatutos de autonomía, Tribunal de garantías constitucionais, separación de poderes, elección por sufraxio universal de tódolos cargos políticos, cooficialidade das linguas minoritarias co castelán, plasmándose na Constitución de 1931 que foi unha das máis avanzadas na súa época, ata o punto de que moitas das súas disposicións son recollidas pola actual de 1978.

Quizais por iso considerouse a verba “república” como sinónimo de “democracia”, tal como xa fixera Aristóteles que sinalaba como forma de goberno a monarquía, a aristocracia e a democracia e aínda hoxe na lingua grega non existe a palabra “república”, xa que esta forma de estado chámase co mesmo nome que lle dera o filósofo estaxirista: “democracia”.

Evidentemente, se “democracia” significa “gobierno do pobo” por medio de gobernantes libremente elixidos, máis un abano de liberdades como prensa, expresión, reunión, asociación, respecto ás minorías, etc. como dixo Lincoln “gobierno do pobo, polo pobo e para o pobo”, tal conxunto só se pode dar por completo nun sistema republicano, xa que se ben poden existir algunhas monarquías constitucionais moitas das notas que caracterizan a un sistema democrático, e de feito existen, países escandinavos, países do Benelux, Reino Unido a actual España, a todas lles falta algo que define ás democracias, xa que un cargo de tanta importancia como é o de Xefe de Estado está vinculado a unha persoa ou familia e substraído á libre elección dos cidadáns. Pode haber monarquías con máis ou menos contido democrático pero non completamente democráticas, xa que ambos conceptos son excluíntes entre si, nun réxime haberá tanta máis democracia canto menos haxa na monarquía.

Pensar que é posible unha mestura de democracia e monarquía é algo fantasioso, xa que o contido das dúas formas non son compatibles como non existe unha mestura entre a auga e o aceite.

Acaso nun intre de grave crise -23 F- poidera parecer que existe unha mestura homoxénea, máis recuperado o estado de repouso sempre a auga quedará debaixo e o aceite aboiará sobre ela.

Acostuman a pornos como exemplo de sistemas moi democráticos os de Suecia ou Holanda, sen mentar como tal exemplo a Suiza, que si é un país cunha democracia sen limitacións, que o pobo decide todo, que é tan respetuoso coas minorías, que malia co 67 por cento da poboación fala a lingua alemana, proporción máis grande que a de territorios de fala castelán en España, ninguén pretende impo-lo como lingua oficial única ou preferentemente ás outras tres linguas, francés, italiano e romanche que son completamente respetadas e oficiais nos cantóns que as falan.

En tal País tómanse a maioría das decisións por referéndum popular e nin sequera existe o cargo de Xefe de Estado, pois os membros do Consello federal exercen as súas funcións por quenda.

(Faro de Vigo, 14.04.94)

NÓN Á PENA DE MORTE

Hai agora vinte anos executáronse as derradeiras condenas a morte en España. Cinco homes foron fusilados no mencer dun 27 de setembro de 1975, sacrificados por razóns de Estado, dun poder ditatorial que mataba para subsistir.

Non me vou referir ó absurdo dun Réxime imposto pola violencia e máis polo terror e que por estes medios pretendía perpetuarse, nin á falta de garantías procesuais duns consellos de guerra sumarísimos que impuxeron as condenas, senón á inxustiza mesma desa pena de morte que, non importa quen a impoña e as súas circunstancias, xamais será un acto de xustiza e si de vinganza.

Evidentemente, o dereito a castigar nunca pode chegar á eliminación física dun ser humano. Poñer nas mans duns homes o dereito a dispoñer da vida doutros é algo inicuo ou contrario á dignidade da persoa. E recoñecer que a persoa está ó servizo do Estado e que este pode eliminalo cando lle conveña ós seus intereses é monstruoso, xa que a persoa non está ó servizo do Estado, senón que é xustamente o contrario.

Recoñece-lo dereito a quita-la vida a unha persoa nun acto non punible é abrirille-las portas a toda caste de ataques á integridade física das persoas, xa que se se pode face-lo máis -matar- tamén se pode face-lo menos como torturar, mutilar, azoutar. Acepta-la pena de morte é aceptar calquera violencia.

Sempre resultou que a pena de morte recaeu nas persoas máis desfavorecidas da sociedade, nas clases marxinaladas, así, nos Estados Unidos, impónselle, case nun oitenta por cento a persoas de raza negra. Tampouco a pena de morte, desde o punto de vista penal cumpre a finalidade de toda pena, que é a de reforma-lo delincente e reintegralo á sociedade, pois o que fai é eliminalo.

Ademais, a pena de morte é irreparable, no caso dun erro xudicial, xa que calquera outra pena pode ser reparada, pero non a de morte.

En España aplicouse abundantemente a pena de morte, non só para delitos comúns, senón tamén

por motivos políticos, relixiosos e infinidade de actividades que hoxe son lícitas. A Constitución da segunda República suprimíuna, pero os sublevados contra a legalidade republicana restablecérona por un Decreto do 5 de maio de 1938, aínda que xa levaba dous anos aplicándose a oito por medio dos Tribunais militares e nos longos anos da Ditadura nunca se deixou de facer uso dela.

Afortunadamente, xa que a Constitución de 1978 voltou a suprimila, agardamos que sexa para sempre e que as últimas execucións sexan as derradeiras.

(Faro de Vigo 27.09.95)

O HIMNO DE RIEGO

Tense dito que os himnos teñen a súa orixe nos grandes movementos populares, agromando do espírito do pobo que os fai seus e non deixan de ter certo fundamento os que así pensan verbo do nacemento destas cancións solemnes e patrióticas á vez.

Todos reflicten nos seus aires e nas súas letras o carácter do pobo onde nacen e así obsérvase que os países graves e fríos do norte teñen como un canto solemne e que nos meridionais convértese nun canto de ritmo máis lixeiro.

O actual himno español, a chamada Marcha Real, ten a súa orixe no seguinte episodio: Impresionado o Rei Carlos III polas vitorias militares que ía conseguindo o seu colega de Prusia, Federico II mandou ó seu ministro, o Conde Aranda, xunto ó Rei de Prusia para que lle ensinara os segredos da súa arte militar, porén Federico non era parvo e non estaba polo labor de ensinarlla a quen podía se-lo seu competidor no campo de batalla e para non manda-lo viaxeiro coas mans baleiras deulle unha

marcha militar que lle prepararan os seus soldados para el e que agasallaba con ela ó Rei de España. Era a coñecida marcha, primeiro “La Granadera”, que posteriormente converteuse no himno nacional co nome de Marcha Real, aínda que non foron quen de lle adaptar unha letra malia os fallidos intentos de Marquina e de Pemán.

O Himno de Riego que foi o himno nacional durante a segunda República, si que ten unha orixe eminentemente popular e lembra un feito concreto como foi a proclamación por Riego o día 1 de xaneiro de 1920, da Constitución de 1812, fronte ó absolutismo de Fernando VII e por iso se lle puxo á canción xurdida daquel acontecemento o nome do autor do restablecemento das liberdades. Houbo dous himnos con este nome, o primeiro da autoría dun oficial chamado Miranda, antigo axudante de Riego, que foi substituído polo tamén do militar José María Ricart i Campóns ó que se lle engadiron uns versos de Evaristo San Miguel. Por un decreto publicado na Gaceta do 7 de abril de 1922, declarouse marcha nacional o Himno de Riego.

Representa a mellor tradición liberal e democrática española e entre as cancións con que o pobo celebrou, en 1931, a proclamación da Segunda República impúxose esta que a República declarou como himno nacional e así, cando óes, lector, unha marcha de notas sinxelas e vibrantes: “soldados la patrianos llama al lid/juremos por ella vencer o morir”, saibamos todos que cos seus sons restableceu-se a Constitución de 1812, e fíxose a Revolución chamada “La Gloriosa” de 1868, que os seus sons celebraron a proclamación da República o 14 de abril de 1931 e cantando este himno o Pobo español loitou contra o fascismo naquela guerra que lle impuxeron.

(Faro de Vigo 14.4.98)

"O VITALICIO" NO DEREITO CIVIL GALEGO

Dí Lermenier que o "Dereito é a Vida", o que pode semellar unha esaxeración. O certo é que se non é vida seguir tódalas evolucións da mesma dentro dunha sociedade e no círculo das relacións que constitúen a total orde xurídica e velaquí o acerto do aforismo romano: "Onde existe unha sociedade existe o Dereito".

Vén isto a conto porque hai pouco publicouse a Lei do Dereito Civil de Galicia, a máis importante para a nosa terra desde a publicación do Estatuto de Autonomía e que pasou case desapercibida para os medios de comunicación social e para os cidadáns, agás para os xuristas.

Non pretendo nestas liñas facer unha glosa da Lei, que excedería dos límites sempre curtos dun artigo e aínda recoñecendo a conveniencia de que os medios de comunicación social foran dando a coñecer diferentes aspectos da lei, quero referirme hoxe a unha institución que foi xurdindo para crea-lo afrouxamento dos vencellos familiares na sociedade moderna e para poñer remedio á situacións de abandono

no que poden atoparse certas persoas na derradeira etapa da súa vida. Estoume a referir ó VITALICIO, que é un contrato polo que unha persoa cede a outra todos ou parte dos seus bens, a cambio de que esta lle preste asistencia de por vida. Vén regulado pola Lei do Dereito Civil de Galicia que o recolle e describe no artigo 95 e seguintes, dicindo "que polo contrato de vitalicio unha ou varias persoas obríganse verbo doutra a prestaren alimentos na extensión, amplitud e termos que conveñan en troques da entrega de bens polo alimentista". "En todo caso a prestación alimenticia abranguerá a mantenza, a habitación, a vestimenta e a asistencia médica, así como as axudas e os coidados, mesmos os afectivos, axeitados ás circunstancias das partes".

Sempre cabe o caso de que persoas vellas teñan medo a vérense na miseria, se van vendendo sucesivamente os seus bens para atender as necesidades máis perentorias coa posibilidade de chegar a ter que allealos todos. Tal problema véno resolve-lo contrato de vitalicio, mesmo a cargo dos herdeiros co cesionario dos bens, á morte deste.

Tamén a Lei contempla a posibilidade de que a parte que adquira os bens non cumpra axeitadamente o contrato, o cal pode rescindir-se a pedimento do cedente, pola conduta aldraxante, falta de prestación pactada, mala atención ou incumprimento das prestacións pactadas, recuperando os bens o cedente e sendo indemnizado o cesionario, xeralmente cos fondos dos bens cedidos.

Esta institución tan viva na realidade social galega -como dí a Exposición de Motivos da Lei- ten agora un estatuto xurídico que as circunstancias do noso tempo reclaman.

(Faro de Vigo, 17.08.95)

POR AMOLAR

Comentoume unha vez certo profesional do Dereito que nun organismo xudicial déronlle as copias dunha demanda en galego e de contado solicitou a tradución. Eu contesteille que el, galego falante, comprendía moi ben o contido da demanda que lle entregaron e contestoume que o artigo 231.4. da Lei Orgánica do Poder Xudicial permitíallo e gabábase de telo feito. Retruqueille dicíndolle que a Lei que invocaba falaba de casos de indefensión que certamente non era o seu, e que ademais esa mesma lei, no seu artigo 11 sinalaba que se respectarán sempre as regras de boa fe, cousa que el non demostraba. Coido que ningún dos dous nos convencimos, pois acabou confesándome: "é verdade, pero eu fíxeno por amolar".

Hoxe o artigo 231.4. da Lei Orgánica do Poder Xudicial volve ser actualidade por mor dun recurso de inconstitucionalidade contra a modificación dese precepto que suprime, cando fala dos que poden pedir tradución dun escrito redactado en lingua distinta do castelán, as verbas "por mandato do xuíz", de tal xeito que agora, cando se presente un escrito

redactado noutra lingua oficial, non se poida adiar esixíndolle ó solicitante unha tradución, pois aínda que non se daban moitos casos, si houbo algún e iso retraía ós avogados a presentaren escritos en linguas distintas do castelán, porque daban pé a unha liorta xurídica co xuíz en cuestións que adiababan o asunto prexudicando os intereses do cliente, que despois de todo, era quen o contratou e quen lle pagaba.

A reforma, ó meu parecer é correcta, pois os xuíces temos que protexer, por mandato constitucional, os dereitos dos cidadáns a expresárense na súa propia lingua e non a poñerlle dificultades engadidas. Xa Cesáreo Rodríguez Aguilera, cando era Presidente da entón Audiencia Territorial de Barcelona, fixéralle unhas indicacións ós xuíces que exercían naquela Comunidade, e máis recentemente o Fiscal Xefe, Carlos Jiménez Villarejo, nunha circular dirixida ós fiscais que exercen en Catalunya, dicía que resulta radicalmente contradictorio coa súa función alegar indefensión por descoñecemento dunha lingua oficial e solicitar tradución.

A miña experiencia, de cando exercín en Cataluña,

é que nunca se me ocorreu pedi-la tradución de escritos presentados en catalán, pois as cousas que non entendía, un funcionario do Xulgado indicábase-me o seu significado e máis tarde aprendín o catalán, cousa doado de facer en dous ou tres meses para quen coñeza algún dos idiomas semellantes.

A modificación da Lei non obriga a ninguén a aprender outro idioma, pero sí que a quen exerza de xuíz nunha Comunidade con idioma propio teña en conta tal feito diferencial e procure non crearlle dificultades ós cidadáns que pretenden facer uso da súa lingua propia, pois se hai comunidades con lingua distinta tamén existen outras con Dereito propio e a solución dun problema xurídico idéntico pode ser diferente segundo se resolva en Palencia ou en Lleida, pois cada colectividade ten os seus costumes, o seu idioma e o seu Dereito, que responde ó xeito de ser dese pobo e os encargados de administraren Xustiza debemos ser sumamente respectuosos e delicados con estes feitos diferenciais. A modificación da Lei debe verse desde o lado do xustizable e o seu dereito a facer uso da súa lingua propia.

A Xunta de Galicia está estes días a promover unha campaña a prol da normalización do galego na Administración de Xustiza, mentres a dirección española do partido que nos goberna en Galicia promove un recurso de inconstitucionalidade que ten como obxectivo crear dificultades neste uso.

¿Enténdeo alguén?

(Faro de Vigo, 5.03.95)

SERVIRSE DO GALEGO, ASUMIR O GALEGO

Hai uns vinte anos, cando a Ditadura estaba a dá-las derradeiras boquexadas, houbo unha partida de xente que se lanzou decididamente a falar en galego, especialmente porque daba certo tinte de “progre” e non se corría ningún risco. Xa Carballo Calero prevíunos contra esta xentiña cando dixo “desconfiai dos que só falan galego porque Franco non os ama, xa que desaparecido o ditador voltarán a falar o que sempre falaron”, palabras que resultaron proféticas, xa que chegadas as primeiras eleccións do postfranquismo os candidatos usaron case en exclusividade a nosa lingua. Máis á vista dos resultados que non foron os que esperaban os recén conversos, cada cal voltou falar na lingua na que sempre se expresaron; uns voltaron á vida privada e deixaron a lingua como se deixa algo que se usou e xa non serve; outros, acadaron determinados postos e algún chegou a ser alcalde dunha importante localidade, negándose teimudamente a chamarlle á localidade que rexe polo seu nome galego. Despois chegou a Autonomía e os dirixentes coñecidos devotos de “la lengua del Imperio” déronse conta de que falar cara á galería en galego podía-lles resul-

tar de certa utilidade. Cando falaban no Parlamento ou facían un discurso oficial tamén se servían do galego, sen que en privado xamais o usasen e chegaron a facer unha lei de normalización do galego, copiada da lei catalana, pero coa intención de non cumprila e nunca desde a Administración se aplicou ningunha sanción ós continuos incumprimentos da mesma; outros hai que se fan con títulos de profesores de galego ou fan cursiños de galego, pero con vistas a súa promoción persoal e cando se lles esixe que nas súas actividades o usen néganse sistematicamente, pois a lingua xa lles servíu para os seus fins e déixase de lado, como algo sen utilidade.

Isto está a suceder en tódolos aspectos da vida galega, desde a existencia dun servizo de normalización lingüística que non normaliza rén, unha política lingüística que non existe, dándose o paradoxo de que despois de quince anos de autonomía diminúe o número de galegos falantes e, a diferenza de Cataluña, onde a lingua propia rexorde con forza, aquí trátase de converter o galego nunha lingua ritual para determinadas cerimonias, pero que logo se deixa de lado.

Todo este enorme dano á nosa lingua están a facelo tódolos que procuraron servirse do galego pero que non asumiron a lingua fronte a esta política da Administración. Pouco poden esforzos individuais moi meritorios, ou de certos colectivos que loitan en prol da lingua, xa que a falta de coherencia por parte dos responsables da Administración esteriliza calquera esforzo.

(Faro de Vigo, 12.02.95)

UNHA CIRCULAR CLAREXADORA

Cando se está a producir unha campaña en contra da lingua catalana desencadenada polas forzas máis reaccionarias do País, as mesmas que durante a Ditadura quixeron silenciar o idioma catalán e que cando xa non poden perseguilo cos medios con que antes o facían, empezan a berrar dicindo que están a ser perseguidos, procurando poñer atrancos ó ensino en catalán e ó seu uso oficial, ós que lles veu prestar axuda unha pouco oportuna cuestión de inconstitucionalidade plantexada polo Tribunal Supremo contra a Lei de Normalización do catalán, conforta ver que unha alta autoridade xurídica como é o Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, Jiménez Villarejo, publicou unha circular dirixida ós fiscais que exercen en Cataluña e que vén poñer as cousas no seu punto xusto.

Empeza lembrando “o deber que teñen os funcionarios públicos de coñecer-las linguas oficiais de Cataluña, que obviamente alcanza ós membros do Ministerio Fiscal con máis rigor ca outros en canto son garantes da legalidade”.

Evidentemente, o coñecemento das linguas oficiais é obrigatorio para os funcionarios que exerzan na Comunidade con idioma propio, pois doutra maneira na declaración de cooficialidade das linguas castelán e catalana, derívanse consecuencias que xeran nos funcionarios públicos o deber de coñecer ámbalas dúas no exercicio das súas funcións”.

Segue a dicir que, como expresa a Lei Orgánica do Poder Xudicial, tanto os xuíces, coma os fiscais, funcionarios e partes intervintes nun proceso xudicial teñen dereito a utiliza-lo idioma da Comunidade Autónoma, e que serán válidos sen necesidade de tradución ó castelán e aínda que a lei permítelle ás partes pedir tradución sempre que aleguen indefensión, remacha Jiménez Villarejo, que tal circunstancia nunca poderá ser aducida polo fiscal, xa que resultaría contraditoria coa súa función argallar indefensión por descoñecemento dunha lingua oficial, dado que o Ministerio Fiscal está obrigado a ampara-lo dereito dos cidadáns a dirixirse á Administración na lingua que elixan.

Como se ve, tal circular, partindo da plena constitucionalidade da Lei de Normalización do Catalán, sinala o deber dos funcionarios públicos de coñecer-las linguas oficiais da comunidade onde exerzan as súas funcións.

(Faro de Vigo, 1.06.94)

UNHA DISPOSICIÓN ACERTADA

No Boletín Oficial do Estado do cinco de marzo publícase un Real Decreto, do que xa se fixeran eco algúns medios de comunicación, da concesión da nacionalidade española ós combatentes das Brigadas Internacionais.

Eran homes e mulleres que vendo en 1936 a nosa liberdade ameazada, deixaron a súa máis ou menos cómoda situación nos seus países de orixe, abandonaron o obradoiro, a fábrica, a mina, a cátedra, a escola ou o despacho, ás súas familias para viren a un país do que descoñecían todo: a súa situación, linguas, costumes, para algún moi lonxano do seu, e do que só sabían que uns militares se sublevaran contra do goberno lexítimo e que os apoiaban as potencias fascistas e pretendían establecer un réxime semellante. Abondou isto para que superando moitos atrancos se achegasen aquí e ó carón dos nosos combatentes fixesen fronte ós sublevados.

Non lles acompañou o éxito, pero a intención foi esa e a historia aconteceu así, e quedou reflectida nas manifestacións artísticas, algunhas de calidade

tan alta como a novela de Ernest Hemingway “Por quen tanxen as campás” ou a película de Ken Loach “Terra e Liberdade”.

Como expresa o devandito Real Decreto: “É de xustiza recoñece-lo labor a prol da liberdade e da democracia levada a cabo polos voluntarios das Brigadas Internacionais durante a guerra civil española de 1936 a 1939. Os superviventes da contenda merecen ver dun modo patente a gratitude da Nación”. Esta disposición foi aprobada no Parlamento español por unanimidade.

Cando por presións internacionais se acordou a retirada dos combatentes estranxeiros e que só cumpríu a República, voltaron ós seus países e na despedida, Dolores Ibarruri, dirixíulles estas fermosas palabras que quero copiar na mesma lingua na que foron pronunciadas:

“¡Camaradas das Brigadas Internacionais: Razones políticas, razones de Estado, la sustentación de la misma causa por la que ofrecisteis vuestras sangre contan

incomparable generosidad, obligan ahora a volver a algunos de vosotros a vuestra patria, y a otros a un exilio forzoso. Podéis marchar orgullosos. Vosotros sois la historia. Vosotros sois leyenda. Vosotros sois el heroísmo ejemplar de solidaridad y universalidad de la democracia. No os olvidaremos cuando en el olvido de la paz vuelvan a brotar de nuevo las hojas mezcladas con los laureles de la victoria de la República española ¡volved!”

En fin, ben está que a España democrática teña un recoñecemento para estes homes e mulleres. Os que nunca recibiron do Estado español un patacón polas feridas e mutilacións sufridas, a diferenza dos mouros que trouxo Franco e demais mercenarios que loitaron no bando rebelde e que hoxe están cobrando as súas pensións.

(Faro de Vigo, 20.04.96)

VERDADES SILENCIADAS

A Historia escribíronna sempre os vencedores en prexuízo dos vencidos, e se, como dí o refrán, “todo é da cor do cristal con que se mire”, o certo é que na narración de certos acontecementos exprésase o punto de vista de quen triunfou e hai mentiras que a forza de seren repetidas chegan a ser consideradas como verdades incontestables e aquela tremenda frase de Breno, “Vae victis”, segue tendo plena actualidade.

Así, dísenos que a raiña Doña Xoana, filla de Henrique IV de Castela, era ilexítima, porque na loita polo Coroa de Castela resultou vencida pola súa tía a Raiña Católica. Como naquela época non se podían facer as probas dos grupos sanguíneos ou examinar o ADN, non había xeito de comprobar a certeza de tal afirmación, pero como a usurpadora venceoela é gabada e a herdeira lexítima privada da Coroa é coñecida para sempre co nome despectivo de “La Beltraneja”.

Tamén se dixo e repetíu que a nosa primeira Constitución foi a de Cádiz de 1812, cando o certo é que

antes houbo a Constitución de Baiona, promulgada por José, da que a de Cádiz tomou moitos dos seus artigos e o rei José I, coñecido por Pepe Botella, era un home abstemio, intelixente e ben intencionado.

Ven todo isto a conto porque co gallo do pasado 14 de abril, escribíronse diferentes artigos falando da proclamación da II República e en varios incidíase nun erro repetido machaconamente polo franquismo, tratando de poñer en dúbida a legalidade entón instaurada. Dásenos como resultado das eleccións municipais do 12 de abril de 1931, o de 22.150 concelleiros monárquicos fronte a 5.775 republicanos, cifras que constitúen un absurdo, xa que en 1931 había en España 8.943 concellos e con estes resultados saía unha media de 3,12 concelleiros por municipio, que evidentemente non podía ser. Trátase duns primeiros resultados que deu o goberno vendo a avalancha que lle viña arriba e que tampouco logrou os resultados pretendidos xa que se en pequenos concellos chegaban 50 ou 60 votos para elixir un concelleiro, en Madrid, Barcelona ou Valencia, necesitábanse arriba dos 60000

A r t i g o s

co que o número de votantes republicanos, dado o seu triunfo nas grandes cidades, sería superior ó de monárquicos.

Pero os resultados das eleccións foron os consignados no Anuario estadístico de 1931 que sinala 40.168 concelleiros antidinásticos, fronte a 19.035 monárquicos e 15.198 sen filiación definida, pero que visto o triunfo da República como a xente lle gusta poñerse ó sol que máis quenta, logo declaráronse republicanos.

Esa foi a verdade daquel 14 de abril no que a maioría de España declarouse republicana e o mesmo Alfonso XIII o admitiu recoñecéndoa como única señora dos seus destinos.

(Faro de Vigo, 18.06.96)

PRENSA

El Juzgado número 5 presentará el próximo lunes su campaña de normalización lingüística

Orencio Pérez es el primer juez de Vigo dispuesto a utilizar el gallego en las vistas y sentencias

Vigo (Redacción, por M.A. Alvarez). El presidente del Tribunal Superior de Justicia, José Ramón Vázquez Sande, estará presente el próximo lunes, junto con magistrados, notarios, fiscales y otros profesionales del derecho de toda Galicia, en el acto de presentación de la campaña de normalización lingüística que va a desarrollar, en colaboración con la Asociación de Funcionarios para a Normalización Lin-

güística de Galicia, el Juzgado de Instrucción número 5 de Vigo, del que es titular Orencio Pérez González. Esta organización viene trabajando desde hace tres años en el intento de normalizar el uso del gallego en la Administración de Justicia y el ámbito jurídico y está empezando a recoger unos, todavía modestos, pero interesantes frutos, como el que supone la valiente actitud del juez Orencio Pérez.

En el acto de presentación de la campaña, que se celebrará a partir de las seis de la tarde en el Centro Cultural Caixavigo, intervendrán, además de José Ramón Vázquez Sande, el juez titular de Juzgado número 5 y el magistrado de la Sala de lo Civil y lo Penal del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, Daniel García Ramos. Como se podrá recordar, este magistrado, que actuaba como presidente del tribunal en la vista de la causa instruida a José Luis Barreiro, abrió aquel juicio con el ritual de rigor y añadiendo además que las partes podrían utilizar la lengua gallega «como o vai facer esta presidencia —dijo entonces— a teor do dereito recoñecido na Lei Orgánica do Poder Xudicial e Lei de Normalización Lingüística de Galicia».

De aquel momento arrancan toda una serie de iniciativas a las que el próximo lunes se agregará el compromiso público, por parte del juez Orencio Pérez González, de utilizar el gallego en los juicios, sentencias, así como en los demás actos jurídicos y en la documentación del Juzgado del que es titular.

Para los responsables de la Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística (AFNLG), esta campaña constituye un nuevo paso que contribuirá a prestigiar el uso de la lengua gallega y que servirá para demostrar una vez más que no entraña ningún problema



Todavía son pocos los jueces, fiscales y abogados que emplean la lengua gallega en su actividad profesional

ejercer ese derecho.

Otro ejemplo digno de mención en este proceso de galleguización de la Administración de Justicia es el que viene dando el magistrado de la Audiencia Provincial de Pontevedra, José Juan Barreiro Prado, quien durante su ejercicio como magistrado del Juzgado de lo Social de Pontevedra dictó alrededor

de 2.000 sentencias en idioma gallego. Ahora en su antiguo juzgado se sigue utilizando normalmente el idioma gallego gracias al hábito que había implantado su anterior titular.

La campaña de normalización lingüística que emprende el Juzgado número 5 de Vigo, incluye la difusión de tres tripticos, dirigidos fundamentalmente

a los usuarios del Juzgado para que éstos conozcan sus derechos en materia de uso del gallego. Además se remitirá un cartel a todos los juzgados y notarias de Galicia con un contenido similar. La AFNLG pretende desarrollar cada quince días un acto en una localidad de Galicia similar al que se realizará el lunes, día 10, en Vigo.

Un juzgado vigués celebró ayer por vez primera dieciocho juicios en gallego

EDUARDO ROLLAND
VIGO

“¿Xura ou promete decir verdade?...Xuro”. Con estas palabras se abrió el primero de los dieciocho juicios celebrados ayer en el Juzgado de Instrucción número 5 de Vigo, con Orencio Pérez González como titular y Carlos Varela como fiscal. Ambos pertenecen a la Asociación de Funcionarios para la Normalización Lingüística, que ha emprendido una campaña de promoción del uso de la lengua gallega en la administración de justicia.

Las dieciocho vistas celebradas ayer son las primeras que se realizan íntegramente en gallego y tuvieron buena acogida por testigos, demandantes y procesados, que en un cincuenta por ciento respondieron en la misma lengua a las preguntas del juez y el fiscal.

Gabinete de traducción

Paralelamente, en la Audiencia provincial de Pontevedra se inauguraba ayer un gabinete de traducción al gallego integrado por una lingüista y un auxiliar, que estará al servicio de todos los juzgados de la ciudad y de los de la provincia que deseen realizar consultas. Este gabinete es el primero que se abre en Galicia en el terreno jurídico provincial y viene a satisfacer la demanda de numerosos juzgados, imposibilitados para tramitar sus documentos en lengua gallega.

El juez Orencio Pérez y el fiscal Carlos Varela utilizarán el idioma en todos sus procesos

Los Funcionarios por la Normalización hacen campaña en la Justicia gallega

Asimismo, dentro de la campaña de la Asociación de Funcionarios para la Normalización Lingüística en el terreno jurídico, se presentará en Lalin, el próximo día ocho, un formulario de prácticas notariales elaborado por Victorino Gutiérrez, notario de la localidad, para uso en todos los procedimientos legales.

En la campaña de normalización, participa también el Colegio de Abogados de Santiago de Compostela, y está apoyada por la Dirección Xeral de Política Lingüística de la Consellería de Educación.

Promoción

La asociación y el Juzgado de Instrucción número cinco de Vigo han editado también tres dípticos en los que se explican los derechos lingüísticos de los ciudadanos, aplicados especialmente a la administración de justicia, con la referencia a las fuentes legales que fundamentan el uso del gallego en las diversas instituciones públicas.

Desde las condiciones para



El juez vigués Orencio Pérez.

celebrar un matrimonio civil en gallego a la traducción del nombre en el D.N.I., pasando por testamentos, juicios, instancias o relaciones con la administración militar, los tres dípticos explican los pasos legales establecidos y su validez.

Respuesta positiva

En los juicios celebrados ayer, todos los participantes

respondieron positivamente, utilizando el español aquellos presentes castellano-hablaantes, pero sin que en ningún momento solicitasen al juez o al fiscal la traducción del gallego de sus palabras.

La campaña en el ámbito jurídico será valorada en primera instancia dentro de un mes, tras el análisis de los logros alcanzados.



Un Xulgado vigués é un dos escasos tribunais que empregan o galego nas vistas orais e nas súas resolucións

¿Xura decir a verdade?

O Xulgado de Instrucción número 5 de Vigo é un dos poucos tribunais da Comunidade autónoma que celebra as vistas orais e emite as súas resolucións en galego. A experiencia amosa, non obstante, que a meirande parte das testemuñas, inculcados ou

avogados falan o galego con soltura. Dado o ritmo deste tribunal, con máis de media ducia de vistas diarias, miles de documentos xudiciais escribíense en galego. A súa popularización entre os actores xudiciais rematará por impoñerse nos vindeiros anos.

VIGO L.C.S.
Redacción

Na terceira vista da mañá, dous rapaces comparecen perante o tribunal para denunciar unha presunta agresión, acompañada dun suposto arranque de abuso de poder, por parte de dous gardas civís. Denunciantes e denunciados, agás un deles, exprésanse en galego. O avogado da defensa fala galego y só a avogada da acusación particular emprega o castelán para esgrimir os seus argumentos. Visto para sentencia.

Na súa están presentes alumnos da facultade de Publicidade e Relacións Públicas do campus universitario de Pontevedra. Mentras escoitan as preguntas do avogado, aparecen uns sorrisos polo miúdo cando o fiscal interroga ós denunciados sobre o significado da palabra *china* (hachís), que, para os presentes, tanto ten en galego como en castelán.



JOAN CARLOS GIL
O titular e o fiscal do Xulgado de Instrucción número 5 de Vigo falan con grupo de estudantes de Publicidade

A Brigada da Policía Científica «galeguiza» as probas

A xerarquía dos órganos xudiciais e os brazos executivos o seu servizo tamén están començando a facer unha importante labor de colaboración. En concreto, a Brigada da Policía Científica de Vigo ven de remitir desde hai tempo no idioma galego as probas contra os detidos.

Aínda que outras instancias xudiciais empregan o galego (Tribunal Superior de Galicia e Audiencias de Ourense e Pontevedra) a actividade do Xulgado de Instrucción número 5 de Vigo, pecha unha longa historia na que os órganos xudiciais monocultivaban o castelán. Onde semella que existe máis recelo para o uso dunha lingua devanceira e que artella máxicamente verbas e pensamentos é no colectivo de avogados.

«A pesar de que o ga-

COLABORACIÓNS

DEDICADO A ORENCIO PÉREZ

Temos un idioma propio, romance, que se estendeu por Portugal e polos cinco continentes da lusofonía, e que se mantivo circio na Terra nai por un milenio; pero que, baixo a presión das circunstancias dunha modernidade mal entendida, corre o perigo certo de se converter, en 50 anos, en lingua ritual.

Este éo prognóstico, científicamente fundado, que fai Gabriel Rei-Doval no seu libro de 2007, "A Lingua Galega na Cidade no Século XX". A deriva actual, de non ser corrixida, abócanos a unha substitución total polo castelán no curso de dúas xeracións.

Nada ten de sorprendente esta sombría perspectiva. A sobrevivencia da lingua galega durante os últimos cinco séculos non era o produto da conciencia e da altiveza dun pobo pagado dos sinais da súa identidade, senón o froito da súa incomunicación.

A tendencia homoxeneizadora dunha civilización inspirada na globalización e maila presenza cons-

tante e masiva dun vehículo tan poderoso como o español, a través dos medios de comunicación e do ensino (que ninguén se engane sobre as proporcións nas que está a ser empregado cada un dos dous idiomas oficiais na docencia) tiña que acurrunchar á lingua propia do País nesa húmida zona da intimidade na que vexeta e perde terreo a cotío. O galego retírase ao mesmo ritmo no que a vida social se urbaniza; pero non compite abertamente co castelán; non ousa disputarlle ao castelán a clientela urbá.

Unha vez declarada a cooficialidade, unha vez abertas para o galego as portas da escola, do liceo, da universidade, a situación de normalidade -de normalización- para o século XXI e seguintes tería que consistir no uso absolutamente xeralizado do idioma vernáculo, pasando este a ser mesmo a lingua inicial da poboación na súa práctica totalidade, e isto sen implicar o máis mínimo retroceso en Galiza do español, que está chamado a competir ata última hora cos outros catro ou cinco grandes idiomas do planeta entre os que, por certo, está tamén o

portugués. É dicir que, aos 27 anos da implantación da autonomía, a nosa fala tería que estar recuperando o seu lugar nos fogares das familias que o tiñan abandonado por falta de apoio político e social. E de non principiar inmediatamente esa dinámica de inversión do proceso, a nosa fala desaparecerá como patrimonio vivo, e coa fala de nós, esvaecerá un dos nosos máis valiosos signos de identidade.

É algo tan urxente como o cambio climático, aínda que non tan grave, porque sen o galego, igual que sen o francés ou o sueco, aínda se pode vivir. A nosa descendencia non sería coma nós; pero sobreviviría e tal vez permanecería mesmo como pobo diferenciado. Iso non quere dicir que unha persoa mínimamente sensible poida contemplar este proceso pasivamente, de brazos cruzados.

E máis, o certo é que a pasividade e o conformismo son o que predomina, e aínda podemos aventurar que son a indiferenza, a hipocresía e a íntima complicitad inconfesada polo declive da lingua nosa os sentimentos que reinan.

A actitude maioritara dos nosos políticos e autoridades, se había de consistir en se aplicaren a un constante perfeccionamento no manexo da lingua do País, consiste en encher o expediente nas comparencias públicas, valéndose dun abxecto castrapo, cada día máis pobre e máis pintoresco. E esta eiva acada e entangaraña a ínclitos voceiros e persoeiros de moi diferentes forzas políticas.

É absurdo e obsceno que non se lle esixa aos políticos, para accederen aos cargos de máis alta responsabilidade no Goberno autonómico un decente nivel de competencia no uso da lingua do seu pobo e dos seus maiores.

No momento actual, unha alta autoridade comisionada polo Parlamento para a defensa dos valores da cultura propia de Galiza e polo tanto para velar polo cumprimento do Plan Xeral para a Normalización da Lingua Galega, debuta no exercicio do seu cargo, manifestando espontaneamente que iso de empregar o galego na administración dáustiza

é cousa moi delicada; é algo que deberá esperar a que haxa mellor preparación.

Nestes meses, unha plataforma cívica hirsutamente politizada e hipocritamente presentada baixo o emblema do bilingüismo -un bilingüismo marxinando á lingua do pobo- vén hostilizando a diversas institucións, entre elas aos colexios profesionais, para discutir a lexitimidade e a racionalidade destes a se dirixiren aos seus asociados na fala de Rosalía. Como esgrima política partidaria non estaría mal; temos visto cousas peores. O singular é que aquela alta autoridade, comisionada polo Parlamento noso para promover a observancia do Plan Xeral para a Normalización, se faga eco das queixas dos finxidos bilingües -canté, soñaba o porco coa lavadura- e reconveña a algún colexio denunciado, recomendando que, con cada documento en galego sexa remitida a súa tradución ao español.

Así é como andamos. Así é como nos vai.

A proporción das sentenzas que son redatadas ou

notificadas en galego é mínima e a tradución ao galego cando se fai -posto que son ditadas en castelán- deixa moito que desexar, a maior parte das veces, ou polo menos así viña sendo ata hai moi pouco.

En tales casos, supoñendo que se sigan a dar, os “traduttori” teñen gañado por partida dobre o epíteto de “traditori”, pola impropiedade da versión e por non confesar que carecen de competencia abonda para a facer.

Para salvar o idioma dos nosos devanceiros e darlle 300 primaveras máis, para non falar nas 1000 que impetraba no seu inmenso amor pola Terra Álvaro Cunqueiro, é necesario invertir a deriva que levan as cousas. É como a inversión que se precisa para impedir o cambio climático.

Para ese golpe de leme faise imprescindible o concurso de tódalas institucións públicas, sen esquecer a Administración de xustiza: xuíces, secretarios, fiscais, avogados e procuradores.

Pero é preciso comprender que para un avogado resulta moi difícil endereitarse a un tribunal en galego, sen estar absolutamente seguro de que contará cunha acollida normal por parte dos xuíces e coa comprensión do seu cliente, que non lla dará mentres non asuma pola súa experiencia que a lingua do País é a que usan con absoluta xeneralidade a xudicatura e a Administración de xustiza no seu conxunto. Por esta razón, son os tribunais os que teñen de ir na vangarda.

Orencio era daqueles xuíces que deran o paso adiante. Por iso estas palabras lle son dedicadas a el. Non era nin é o único entre os xuíces, os secretarios e os fiscais. Felizmente outros traballan e teñen traballado na mesma liña, pero non é o caso de citar agora nomes que poden estar na mente e no corazón de todos, coa certeza de que outro nomes meritorios quedarían sen a debida mención.

Que o exemplo de Orencio, a quen rendemos agora homenaxe, ince e sexa imitado por todos. A nosa Patria necesita diso. O noso conformismo, a nosa

preguiza, anosaincompetencia, poderían sernos reprochados un día por aquelas xeracións que han de vir. Elas poderannos dicir: ¿qué fixestes con aquel patrimonio que herdárades? Nós tiñamos dereito a recibilo e a facelo transcender como o máis ilustre sinal de identidade de noso ¿en que estabades a pensar?

¿Ou como é, Orencio; levo ou non levo razón?

Alfonso Álvarez Gándara
Decano do Colexio de Avogados de Vigo

A Xustiza sempre se presentou como algo problemático. E en maior ou menor grao, a insatisfacción do seu funcionamento e resultado final non a van abandonar.

O xuíz é un dos, como se di agora, operadores do mundo xurídico. Mais a súa función de garante dos dereitos e liberdades quizais sexa o que o distingue doutros profesionais do dereito e do resto dos funcionarios e empregados públicos. O xuíz interpreta e aplica o dereito e, no cumprimento de tan trascendental función, debetender pontes entre os principios e valores do ordenamento xurídico e a realidade social.

Dun tempo a esta parte e, se cadra, cada vez máis, o protagonismo do xuíz amósase a cotío. Por iso, debe estar dotado dunha sólida formación na que non pode resultar allea a dimensión política, por el mesmo ser un creador do dereito. Aviados iriamos se, en defecto daquela mínima sólida formación inicial, e con independencia da imprescindible forma-

ción continuada, o xuíz resulta que vai aprendendo a custa do xustizable.

Ás veces criticase a falta de experiencia profesional previa nos xuíces. Desde logo que este non foi o caso de Orencio Pérez González. Sendo antes que xuíz, secretario xudicial, profesión e traballo que o dotou dunha ampla bagaxe formativa que de xeito máis doado lle permitiu achegarse e desenvolver a súa labor xudicial. E dentro desta non desconectou do entorno social no que as súas resolucións ían producir efecto pois, entre outras cousas, a súa linguaxe xudicial non se situou de costas á realidade do país, como así o demostra que mesmo cando estivo destinado en Cataluña emitía as súas resolucións en catalán.

Como non podía ser menos e, sobre todo, tratándose de Orencio, da súa firme convición ao respecto, e do seu amplo coñecemento da realidade lingüística do país, unha vez en Galicia desenvolveu todo o seu traballo en galego. Vivíu daquela un tempo nada doado no que, pola súa fortaleza, foi capaz

de impoñer o seu sentido común e xurídico por enriba das descalificacións e ás veces interesadas gabanzas da Xustiza.

Agora ben, na tarefa da normalización lingüística Orencio non estivo só. Hai que recoñecer que se el foi o autor daquela nos organismos xudiciais polos que pasou e, sobre todo, no seu último destino como maxistrado xuíz no Xulgado de Instrución número 5 de Vigo, na xerga propia da devandita orde penal, tivo unha auténtica cooperadora necesaria: Chelo, a súa dona.

Así que, grazas aos dous, bicos para Chelo, e lembranzas para ti Orencio que, desde que te foches, seguro que se aínda quedaba algún, xa non queda santo que non fale galego.

Xosé Xoán Barreiro Prado

Maxistrado-Presidente da Sección 2ª da Audiencia
Provincial de Pontevedra

Tiven a sorte de coñecer a Orencio González, a quen sempre tratei, por razóns de idade e polo respecto que a súa persoa me merecía, como D. Orencio, cando, despois de estar destinado como Xuíz nun xulgado de Cataluña, voltou á cidade de Vigo como Maxistrado do Xulgado de Instrución núm. 5. Naquelas datas, próximas a súa xubilación, D. Orencio seguía a manter unha grande capacidade de traballo e, cando conversaba con él, decatábase que era unha persoa moi próxima, de trato moi cá-lido, con quen podías falar de cuestións diferentes, respecto das cales mantiña, desde a súa serenidade, opinións sempre ben argumentadas aínda que, non sempre, compartidas por mín. Nesa época, de xeito discreto, tentando sempre, convencer coa forza da súa palabra, tivo a virtude de animar a un grupo de funcionarios, das máis diversas orixes e procedencias, a desenvolver a súa actividade profesional no seu xulgado en lingua galega; recoñecéndose, por primeira e, coido que, ata agora, única vez, no noso país, semellante fito, pola Fundación Lois Peña Novo, coa concesión dun Premio, no ano 1995, a un órgano xudicial no seu conxunto.

Don Orencio, co seu labor constante, discreto e teimudo, a prol da promoción e desenvolvemento do idioma galego, alumeounos, en tempos máis difíciles que os actuais, o camiño a seguir por todos os que desexamos e estamos dispostos a poñer o noso grao de area para que a nosa lingua recupere na sociedade actual o lugar que lle corresponde, e que a súa utilización no eido da Administración de Xustiza deixe de ser algo extraordinario; e exemplo de cómo a defensa e promoción da lingua de Galicia pode facerse desde posicións políticas diversas, sen ser patrimonio exclusivo de ningunha.

Rosalino J. González Serodio
Secretario Xudicial

Alá polas terras do Sil, en Castro Caldelas, o forasteiro pódese abraiar coa marabillosa vista que, deixado atrás o castelo que preside o pobo, lle é dado contemplar no último extremo da vila, onde o outeiro sobre o que se apretan rúas e casas morre lanzándose en vertical caída ós pés do cemiterio. Se o viaxeiro ven de lonxe, sorpréndese con frecuencia de que tan fermoso emprazamento se teña adicado ó descanso dos difuntos, que pouco han disfrutar das vistas. Noticia gárdase de mais dun que dixo ser un desperdicio o funerario destinado lugar, maquinando probablemente en salóns con amplas galerías cara o val que alí se estende ante os ollos.

Os caldelaos que por alí anden, cada vez menos porque como en tantos lugares marcharon a traballar en Ourense, en Vigo, en Madrid ou en Barcelona, calan e ollan para outro lado facendo que non escoitan, mentres poñen flores frescas ou seguen limpando a lápida do pai ou da avoa que xa finou. Non vale a pena explicar a quen non entenderá, non se pode aprender a quen non sinte

como eles o amor dos devanceiros que as cores do solpor tras dos montes lonxanos están feitas para alumea-los sartegos dos avós que temos mortos.

Ensimismado nes pensamentos, cando o forasteiro desfai o camiño e torna ó campo da vila, pásalle cáeseque inadvertido un pequeno monolito de tres lados prantado diante da igrexa. A penas albisca unha das tres caras e lé Orencio Pérez González, maxistrado. Un absurdo sorriso de superioridade deixa ver que está pensando que fácil é acadar notoriedade nos sitios pequenos, cántos xuíces famosos coñece e nunca oira tal nome.

Por iso, cando días despois o viaxeiro deambula polas rúas de Vigo, buscándolle á cidade un sentido que se lle escapa, e atopa outra vez o inconfundible nome de Orencio Pérez González baixo dun busto no medio dunha praza, desta vez unha dura praza rodeada de altos edificios oficiais, sorpréndese un pouco, está certo de que o tal maxistrado non era un home famoso, nunca oira falar

del e xa non se trata da homenaxe do terruño, el mesmo pode nomear dous ou tres xuristas que traballaron en Vigo ós que viu pola televisión ou nos xornais.

Meneando a testa rúa abaixo, busca e non acada a explicación. Sen saber por qué, vénlle á cabeza a lembranza do campo santo cal del á e das súas fermosas vistas, e, sen chegar a comprendela, sente bulir unha relación oculta entre ámbalas dúas sorpresas.

O forasteiro é boa xente. Levará á súa terra entre as fotos dos canóns do Sil e das praias de Cíes o pequeno desconcerto orixinado polos monumentos a Orenco. Se tivese quedado aquí, calquera día aprendería a importancia do amor dos devanceiros e das cousas dos avós que temos mortos.

Xoán Carlos Horro González
Fiscal da Audiencia Provincial de Pontevedra

PROTECCIÓN PENAL DO DEREITO AO USO DUNHA LINGUA COOFICIAL

O meu amigo e compañeiro Orenco, defensor como o que mais do noso idioma e da súa utilización na xustiza, comentoume nunha ocasión das preocupantes noticias que, con mais frecuencia do que sería normal nun estado democrático, autoridades ou axentes da autoridade impedían ou obstaculizaban o uso do galego aos cidadáns. Esta preocupación levome a escribir este pequeno estudo sobre a protección penal do dereito ao uso do galego na nosa comunidade autónoma.

É característico dun Estado de Dereito que os dereitos cívicos non só se recoñezan teoricamente senón que existan garantías para o seu exercicio. O recoñecemento de ditos dereitos quedaría baleiro de contido senón se establecese, de maneira expresa, a sanción aos funcionarios e autoridades que abusando da súa función, impedisen exercitalos. Así como os cidadáns gozan de liberdade

para todo aquilo que a lei non prohibe, os funcionarios e autoridades, cando na súa actuación afectan ou limitan os dereitos dos cidadáns, sómente poden actuar no marco das facultades que a lei expresamente lles concede. Se abusan do seu poder, impedindo o exercicio de tales dereitos, a súa actuación lesiona dobremente os dereitos dos cidadáns e o deber do funcionario de fidelidade ao Estado, pois este delegou nel determinadas facultades coa finalidade de salvagardar ditos dereitos e liberdades, pero non de conculcalos. Precisamente pola relevancia que nun Estado de Dereito ten a necesidade de garantir o libre exercicio dos dereitos cívicos e non sinxelamente o seu recoñecemento formal e polo feito de que o cidadán está mais indefenso ante os ataques ou obstáculos dos seus dereitos proviñentes dos que están investidos dunha potestade administrativa, é polo que o sistema de garantías require a utilización fronte a ditas condutas obstaculizadoras ou impeditivas, do instrumento de coerción mais poderoso de que dispón o ordenamento xurídico: a sanción penal.

Do dito, pode comprenderse a enorme importancia do artigo 542 do actual Código Penal que actúa como peza de cerre no sistema da tutela penal do exercicio dos dereitos cívicos. Nel se sanciona coa pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de un a catro anos, á autoridade ou funcionario que, a sabendas, impida a unha persoa o exercicio doutros dereitos cívicos recoñecidos pola Constitución ou as Leis.

Este precepto ten un carácter residual ou subsidiario que tipifica aquelas condutas que impidan o exercicio dos dereitos que non estean expresamente penalizados noutros preceptos da mesma sección do CP.

O primeiro problema que presenta este artigo é saber que debe entenderse por dereitos cívicos e se o dereito á utilización dunha das linguas cooficiais que hai en España entra dentro da protección penal deste artigo.

Como norma penal en branco, a doutrina intentou

acoutar o concepto dos dereitos cívicos. A maioría dos tratadistas como Carbonell Mateu, Vives Antón e outros identifican tales dereitos e liberdades cos que están comprendidos no Capítulo II do Título I da Constitución, ou sexa os dereitos de natureza política, e así a sentenza do TS de 23 de marzo de 1983 afirmaba que este tipo delituoso protexía aqueles dereitos que representaban o exercicio de determinadas actividades raianas nos dereitos políticos e liberdades fundamentais das persoas máis ben que os propiamente civís. Nos comentarios ó novo CP Jose Moyna e outros sosteñen a mesma doutrina dicindo que no noso meridiano xurídico, a sinonimia entre dereitos cívicos e dereitos políticos obtense consultando os antecedentes legislativos do vixente código e que, en razón a isto, estarían protexidos os dereitos de sufraxio activo e pasivo, dereito de acceso as funcións e cargos públicos, dereitos de petición e as liberdades públicas de asociación, reunión e manifestacións políticas e a liberdade de expresión. Segundo estas opinións o dereito á libre utilización dunha das linguas cooficiais recoñecidas non entraría dentro de tal protec-

ción por non estar recollido no capítulo II do título I da Constitución Española.

Non é esta a nosa opinión, pois quedaría sen protección penal a conduta do funcionario ou autoridade que impidise o exercicio do dereito que comentamos, a pesares de estar recollido no art. 3 da CE e nos respectivos Estatutos de Autonomía, na Lei de Procedemento Administrativo, na Lei do Contencioso Administrativo, na Lei Orgánica do Poder Xudicial e nas respectivas Leis de Normalización Lingüística.

Por outra parte, consideramos que este dereito está tamén recollido no capítulo II do título I da Constitución polas seguintes razóns:

O art. 10.1 da nosa Constitución recorda que o libre desenvolvemento da personalidade e o respecto ós dereitos dos demais, son fundamento da orde política e da paz social. Esta liberdade de desenvolvemento persoal, considerada na Constitución como valor superior do ordenamento xurí-

dico, como principio e como dereito, ten neste último aspecto múltiples manifestacións entre as que ocupa un lugar preferente a liberdade de expresión (Art. 21.1 CE).

Tal liberdade fundamental garante a todos o dereito a “expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e pareceres mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución” e comprende, por tanto, non só os contidos senón tamén os códigos de exteriorización de ditos contidos. Sen a conxunción dos dous non pode haber auténtica liberdade de expresión, por que neste caso o vehículo utilizado para comunicar importa tanto como a mensaxe que se desexa comunicar. Existe unha inescindible relación entre o pensamento, a exteriorización dese pensamento e o código lingüístico utilizado para exteriorizalo. Se un deses elementos resulta atacado, o que se estará atacando é a propia capacidade do ser humano para comunicarse en liberdade. Isto é, a LIBERDADE DE EXPRESIÓN. En definitiva, no marco xeral de liberdade que ten que presidir a vida cidadá, o cidadán encontra recoñeci-

do o dereito ó libre uso da lingua da súa preferencia na liberdade de expresión que a Constitución proclama e garante. A liberdade a usar a lingua cooficial propia hai que consideralo un suposto subsumible dentro da liberdade de expresión recollida no art. 20 da Constitución Española.

A sentenza da Sala 2ª do TS de 17 de outubro de 1995 protexe un dereito dos que, para a doutrina citada anteriormente, quedaría fóra dos protexidos por este artigo, cal é o dereito de asilo recollido no art. 13 da CE e na Lei reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado así como no regulamento que desenvolve a devandita lei, pero non no Capítulo II do título I da CE. Sen embargo, esta sentenza condea polo delito do art. 142 ao funcionario que impediu que a solicitude puidera chegar a ser considerada polo organismo competente, mediante o procedemento de negarse a recibila, constituíndo unha actuación que impide o exercicio dun dereito cívico recoñecido polas nosas leis.

A sentenza do TC 82/86 afirma con toda claridade e

rotundidade: “Nos territorios dotados dun estatuto de cooficialidade lingüística, o uso polos particulares de calquera das linguas oficiais ten, efectivamente, plena validez xurídica nas relacións que manteñan con calquera poder público radicado en dito territorio, sendo o dereito das persoas o uso dunha lingua oficial un dereito fundado na Constitución e no respectivo Estatuto de Autonomía”. Tamén a sentenza do TC de 26 de xuño de 1986 “sendo un dereito das persoas o uso da lingua oficial un dereito fundado na Constitución” e no mesmo sentido a importante de 28 de febreiro de 1991.

Tendo en conta que os dereitos cívicos protexidos polo art. 542 non hai que reducilos ós estrictamente políticos, senón a todos aqueles que non teñan unha expresa protección noutros artigos do CP, por ter este art. un carácter residual e que o dereito a usar calquera dos idiomas cooficiais é un dereito constitucional, necesariamente ten que estar entre os dereitos a que se refire dito artigo como dereitos cívicos; polo tanto cometerá este delito a autoridade ou funcionario que impida o seu exer-

cicio, isto é expresarse tanto oralmente como por escrito nun dos idiomas cooficiais en aquelas comunidades autónomas que teñan idioma propio.

A STS de 24 de febreiro de 1998 entende que “A lei penal debe de complementarse, pois, en exclusividade co listado dos dereitos alumeados no texto constitucional. A mención de “leis” mantida na norma do artigo 542 debe entenderse como referida a disposicións legais ditas en desenvolvemento dos dereitos fundamentais.”

Outra cuestión que suscita este tipo penal é o que debemos entender polo termo “impedir”, isto é que tipo de acción se precisa para cometer este delito, pois a primeira vista podería pensarse que o verbo impedir supón unha acción obstaculizadora que supoña un total e radical impedimento de usar tal dereito. Considero, sen embargo, que hai que entender toda acción que estorbe, prohiba, comine ou de calquera outra maneira de índole física ou moral impida ou obstaculice o exercicio do dereito.

A STS antes citada neste sentido “A conduta típica debe consistir nunha acción de impedimento no exercicio dun dereito, ben por medio de coaccións, ameazas, engano ou simple negativa; é indiferente o medio con tal que se evidencie a súa idoneidade a tal fin, obstaculizando ou impedindo a pretendida actuación do dereito. Nos atopamos ante un delito de resultado ao esixirse para a súa consumación que efectivamente chegara a producirse a realidade do impedimento”.

O actual CP esixe un dolo específico para cometer este delito ó requirir como elemento do tipo que a acción se cometa “a sabendas”, expresión que non estaba recollida no anterior código. Por tanto, só se concibe a modalidade dolosa, dolo directo de resultado que atinxe a todos os elementos obxectivos do tipo.

No que atinxe á culpabilidade, neste dereito a utilizar a lingua que se prefira, hai que desbotar, en principio, calquera clase de erro, pois é imposible pensar que algunha autoridade ou funciona-

rio descoñeza tal dereito lingüístico. Esta conduta está, por outra parte, expresamente sancionada no regulamento do réxime disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, no seu art. 6 b), que considera falta moi grave: “Toda actuación que supoña discriminación por razón de lingua”. E no ámbito da xustiza está garantido o dereito a usar a lingua cooficial, nas comunidades autónomas que a teñan recoñecida, na Lei Orgánica do Poder Xudicial. No artigo 231 “As partes, seus representantes e quen os dirixan, así como as testemuñas e peritos, poderán utilizar a lingua que sexa tamén oficial na Comunidade Autónoma en cuxo territorio teñan lugar as actuacións xudiciais, tanto en manifestacións orais como escritas”.

No actual código penal tamén se contempla outro delito no que se protexe o dereito ao uso dunha lingua cooficial. Por primeira vez na nosa lexislación penal se recolle como conduta criminal a discriminación por motivo da utilización dunha lingua oficial dentro do Estado Español.

O art. 314 tipifica a seguinte conduta: “Os que produzan unha grave discriminación no emprego, público ou privado, contra algunha persoa por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, súa pertenza a unha etnia, raza ou nación, seu sexo, orientación sexual, situación familiar, enfermidade ou minusvalía, por ostentar representación legal ou sindical dos traballadores, por parentesco con outros traballadores da empresa ou polo uso de algunha das linguas oficiais dentro do Estado Español, e non restableza a situación de igualdade ante a lei tras requirimento ou sanción administrativa, reparando os danos económicos que se derivaran, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a dous anos e multa de seis a doce meses.”

Inevitablemente tiña que recollerse esta causa de discriminación, ó amparo do art. 14 da CE que proclama a igualdade de tódolos españois ante a lei. E nesta igualdade ten que estar recollido o dereito ó uso de calquera dos idiomas oficiais, pois este delito ven a dar cumprimento, entre outros, ós seguintes compromisos internacionais contraídos polo Es-

tado Español: Convención Internacional de Nova York 7 de marzo de 1966, Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos no seu art.26 e Convenio Europeo para a protección dos Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais, ambos ratificados por España e, polo tanto, cun valor supralegal e constitucional no noso ordenamento xurídico. En ambos se recolle o uso da lingua como causa de discriminación.

Na sección 1ª do capítulo IV do título XXI do libro II se tipifican os delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas garantidas pola Constitución. Nesta sección se castiga toda conduta discriminatoria tanto por particulares como por funcionarios, e así nos arts. 510 e 511 tipifícanse condutas xenófobas ou discriminatorias, proscribindo calquera tipo de discriminación. Estas condutas que en parte foron introducidas no Código de 1983 por unha sentida necesidade de reflectir penalmente o amparo a igualdade de trato proclamada polo art. 14 da CE, que dá cumprimento a varios tratados inter-

nacionais xa referidos anteriormente, que entre as causas de discriminación recóllese o uso das linguas minoritarias. Así no Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, ratificado polo Estado Español o 30 de abril de 1977, establece: “nos Estados nos que existan minorías lingüísticas, non se lle negará ás persoas o dereito que lles corresponde de empregar o seu propio idioma”. E neste mesmo sentido o Convenio Europeo de Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais, ratificado tamén no ano 1979. No seu art. 26 : “ O goce dos dereitos e liberdades recoñecidos no presente convenio terá que ser asegurado sen ningunha distinción por razón de sexo, raza, color, lingua, relixión etc.

A pesar deste marco legal internacional que forma parte do noso ordenamento en virtude dos arts. 10 e 96-1 da CE, nos arts. 510 e 511 do CP non se recolle como causa de discriminación o uso ou utilización dunha da linguas oficiais en cada Comunidade Autónoma do Estado Español.

É incomprendible esta omisión cando se recolle no art. 314, que obedece á mesma razón: evitar toda clase de discriminación. Pódese pensar, ou ben que foi un esquecemento do lexislador ou ben que tal causa de discriminación está subsumida nos conceptos de orixe, etnia ou nación. Esta segunda solución parécenos que podería crebrar o principio de legalidade, ó non recollerse expresamente esta causa discriminatoria como se fai no art. 314.

Resumindo, consideramos que o uso dunha das linguas oficiais, que o sexan en cada Comunidade Autónoma, é un dereito constitucional que ten a máxima protección xurídica nos arts. 542 penando aos que impidan o exercicio dun dereito cívico e no 314 castigando a quen discrimine por esta causa no emprego a algún traballador. Nunha posterior reforma lexislativa terá que recollerse nos arts. 510 e 511 como causa de discriminación, amais das xa recollidas, a LINGUA.

Aos versos do poeta Celso Emilio Ferreiro, escritos na ditadura:

Lingua proletaria do meu pobo
 Eu fáloa porque si, porque me gusta,
 Porque me peta e quero e dáme a gana.

Hoxe había que engadir: e tamén porque é un dereito recoñecido constitucionalmente e protexido no Código Penal.

Benito Montero Prego
 Fiscal da Audiencia Provincial de Pontevedra

O DEREITO E O DEBER DE COÑECER O GALEGO. ANÁLISE DA DOCTRINA CONSTITUCIONAL

I. Os dereitos e deberes lingüísticos no ámbito xurídico-público

A Constitución na esquemática declaración de principios do Título Preliminar en relación coa protección das linguas proclama un deber de coñecer o castelán que non se estende ás outras linguas cooficiais. Esta mención expresa do castelán serviu de base ao Tribunal Constitucional, respaldado por unha boa parte da doutrina xurídica, para construír o status legal das outras linguas desde a exclusión dun deber semellante ao que ampara o castelán. En síntese o TC considera que só existe un deber de coñecemento do castelán xa que a Constitución non recoñece ningún outro e que a declaración de oficialidade dunha lingua non leva aparellado tal deber senón tan só a posibilidade de que esta se convirta en lingua de relación normal cos poderes

públicos¹. Polo tanto a oficialidade dunha lingua tan só xera deberes xurídico-públicos (para as Administracións do territorio onde esa lingua é oficial) pero non deberes privados para os cidadáns e, polo tanto, da declaración de oficialidade non se deriva o deber de coñecemento do castelán senón que este é un plus na regulación constitucional do castelán que o diferencia claramente doutras linguas do Estado.

Esta visión simplista da regulación lingüística constitucional contradí parcialmente outras consideracións xurisprudenciais e pode ser rebatida en base a interpretacións menos restrinxidas da Constitución. MILIAN I MASSANA, por exemplo, considera

¹ O TC na Sentencia 84/1986, de 26 de xuño, sobre a lei de Normalización Lingüística de Galicia dicía "ahora bien, tal deber no viene impuesto por la Constitución y no es inherente a la cooficialidad de la lengua gallega. El artículo 3.1 de la Constitución establece un deber general de conocimiento del castellano como lengua oficial del Estado; deber que resulta concordante con otras disposiciones constitucionales que reconocen la existencia de un idioma común a todos los españoles, y cuyo conocimiento puede presumirse en cualquier caso, independientemente de factores de residencia o vecindad. No ocurre, sin embargo, lo mismo con las otras lenguas españolas cooficiales en los ámbitos de las respectivas Comunidades Autónomas, pues el citado artículo no establece para ellas ese deber, sin que ello pueda considerarse discriminatorio, al no darse respecto de las lenguas cooficiales los supuestos antes señalados que dan su funcionamiento a la obligatoriedad del conocimiento del castellano.

que da declaración de oficialidade dun idioma extrañen tres consecuencias: a adopción como lingua de relación dos cidadáns cos poderes públicos e, polo tanto, a súa plena validez xurídica; a obrigatoriedade do seu estudo no sistema educativo; e, a imposibilidade de alegar o seu descoñecemento ou de usar unha lingua distinta cos poderes públicos². Esta última consecuencia se ben non implica un deber de coñecela si ampliaría o status no que o TC colocou ás linguas distintas do castelán e sería máis consecuente coa interpretación xeralizada do alcancedas intervencións públicas na esfera privada. Así, ninguén estaría obrigado a coñecer unha lingua polo feito de ser esta oficial pero o seu descoñecemento non podería ser alegado validamente no ámbito xurídico-público, isto é nas relacións cos poderes públicos. A esfera privada dos dereitos quedaría intacta pero a oficialidade suporía a afectación dos dereitos dos particulares nas súas relacións xurídico-públicas.

² MILIAN I MASSANA, "La regulación constitucional..."*op.cit.*, p.131-134. MILIAN I MASSANA, "La regulación constitucional..."*op.cit.*, p.131-134.

II. Remisión da configuración dos dereitos e deberes lingüísticos á normativa autonómica

En primeiro lugar é discutible que a omisión da Constitución poida ser interpretada, tal e como fai o TC, como unha prohibición de que exista un deber paralelo de coñecer as outras linguas oficiais. A Constitución expresamente remite a un recoñecemento posterior das outras linguas oficiais que se entende debe ser efectuado polos poderes autonómicos no exercicio do seu autogoberno. Do mesmo modo que a Constitución non establece cales son as outras linguas oficiais, senón que son os Estatutos de Autonomía os que fixan o carácter oficial e alcanceda propia oficialidade das linguas, tamén é unha interpretación válida do texto constitucional o entendemento de que os dereitos e deberes lingüísticos que dimanan desa cooficialidade serán fixados por quen ten a potestade de determinar as outras linguas oficiais³.

Hai que ter en conta ademais que o contexto histórico-lingüístico no que se aproba a Constitución

era de profunda discriminación e de analfabetización dos cidadáns no coñecemento das linguas propias distintas do castelán polo que unha declaración explícita dun deber de coñecemento destas linguas se entendía como unha medida pouco coherente ou descoñecedora da situación na que se atopaban naquel momento -moi diversa á do castelán⁴-. Polo tanto unha interpretación da Constitución nestas claves tamén permite ver que a omisión do constituinte non ten necesariamente que ser interpretada como unha prohibición, senon máis ben, como unha remisión ás Comunidades Autónomas da configuración do marco lingüístico propio.

De feito, se ben a maior parte das Comunidades

³ Pode argüirse que ese debate xa se deu no proceso de redacción da Constitución e que daquela se votou en contra da existencia dese deber polo que no espírito do constituinte estaba esa exclusión. Sen embargo, o paso dos anos debe ir acomodando o espírito da norma ás conviccións actuais, sempre e cando esa nova interpretación non contradiga o texto. Ademais é sabido que o que vincula é isto último e non o espírito da norma.

⁴ AGIRREAZKUENAGA, I., "Reflexiones jurídicas sobre la oficialidad y el deber de conocimiento de las lenguas", en Estudios sobre la Constitución Española. Homenaje al Prof. García de Enterría, Civitas, t.II, Madrid, 1991, p.687, fai mención a este contexto histórico baseada en declaracións duns dos autores da Constitución, Jordi Solé Tura, que ratifica que o deber de coñecer o castelán non era máis que unha evidencia dada a situación desta lingua en comparación co "xenocidio cultural" que sufriran as outras linguas.

Autónomas non estableceron ese deber, si configuran o contido e alcance da oficialidade das linguas no seu territorio con máis detalle do que fixaba a Constitución española.

Existe unha certa contradición na xurisprudencia constitucional en relación co alcance que pode ter a normativa autonómica na configuración do marco lingüístico.

Por unha banda, o Tribunal Constitucional parece admitir que mentras que o marco dos dereitos e deberes lingüísticos do castelán aparece definido na Constitución non sucede o mesmo coas outras linguas oficiais. Estas quedaban condicionadas ao que dispuxesen os Estatutos de Autonomía como normas institucionais básicas das Comunidades Autónomas. Correspondíalles a estes realizar a declaración de oficialidade e darlle contido. De feito, o novo Estatuto de Catalunya intenta salvar esta interpretación coa “elevación de rango” e a inclusión no texto estatutario do deber de coñecemento do catalán.

É certo que os Estatutos foron neste aspecto bastante parcos como consecuencia do momento histórico, pero tamén aí o Tribunal Constitucional deu pasos que favorecían unha interpretación bastante menos restritiva que a finalmente adoptada en relación co deber de coñecemento das linguas. Unha manifestación clara neste sentido é o recoñecemento de que pode ser o lexislador autonómico o que estableza o marco lingüístico da lingua propia aínda sen existir ningunha competencia expresamente recoñecida neste sentido na Constitución e, de modo fundamental, que esta normativa autonómica xurda efectos en todo o territorio autonómico e para todas as Administracións públicas incluída a estatal e local⁵. Se se admite que da esquemática declaración constitucional en relación coas linguas se pode extraer unha verdadeira competencia en materia de apoio e normalización e que esta competencia permite xerar todo un catálogo de dereitos e deberes (ex. dereito ao uso da lingua na relación cos pode-

⁵ Sobre esta xurisprudencia e a cuestión da distribución de competencias vid. COBREROS MENDAZONA, E., “La distribución de competencias entre el Estado y las Comunidades Autónomas en materia lingüística”, *Autonomías*, nº 12.

res públicos, deber de coñecemento para o acceso á función pública, deber de coñecemento para os estudantes) que non aparecen mencionados na Constitución -xustamente porque se considerou que debían ser os poderes autonómicos os que delimitaran o seu alcance-, parece difícil compartir o razonamento de que, en cambio, esta normativa autonómica non pode introducir o deber de coñecer a lingua propia tan só polo feito de que a Constitución non o mencione.

O artigo 3 da Constitución é claramente o punto de partida da regulación lingüística no Estado español e non un relatorio pechado de dereitos e deberes. Así se deduce do seu teor literal e así o recoñeceu o Tribunal Constitucional. Sen embargo, esa mesma interpretación non é a que prevalece cando se exclúe o deber de coñecemento das outras linguas. A expresa mención da Constitución ao deber de coñecer o castelán que conduce ao Tribunal Constitucional a excluír un deber paralelo con respecto ás outras linguas debería ser interpretada en liña co resto da xurisprudencia constitucional na mate-

ria. Esta xurisprudencia é, como xa dixemos, clara: os dereitos e os deberes lingüísticos debe fixalos quen ten competencia que é o lexislador autonómico⁶. E o deber de coñecemento xeralizado das linguas cooficiais é certamente un deses deberes de configuración autonómica. As reformas estatutarias deben polo tanto, como fixo Catalunya, ter en conta que a sede de recoñecemento dos deberes e dereitos lingüísticos debe ser o Estatuto amparando os posteriores desenvolvementos lexislativos.

En canto non se producen esas reformas estatutarias, é preciso ter en conta que algúns autores indican tamén que a correcta interpretación do deber constitucional de coñecer o castelán límitase a un deber de aprendizaxe obrigatoria deste idioma pero non se estende a un deber de coñecer entendido como imposibilidade de alegar ignorancia

⁶ Hai que ter en conta ademais que esta definición do contido da liberdade lingüística, se ben sería máis correcto que se realizase nos Estatutos da Autonomía, pode ser concretada polo lexislador ordinario autonómico. Neste punto coinciden autores como BAÑO LEÓN e LÓPEZ BASAGUREN, *op.cit.*

da lingua. Esta interpretación, basada en análises históricas e nos propios debates constitucionais, reducirían notablemente a desigualdade entre as distintas linguas oficiais e sería perfectamente compatible co establecemento de deberes semellantes, que na práctica existen, con respecto ás linguas cooficiais⁷.

III. Excepcións ao deber de coñecer o castelán e á falta de deber de coñecer o galego que matizan a declaración do Tribunal Constitucional

En segundo lugar, hai que mencionar que unha interpretación tan apegada ao texto da Constitución pecaría de inxenuidade ou dunha visión pouco sistemática dos preceptos constitucionais. Se ben a Constitución menciona neste e noutros artigos “deberes” dos cidadáns é complicado extraer de-

⁷ PRIETO DE PEDRO, J., *Lenguas, lenguaje y derecho*, Civitas, Madrid 1991. Este autor indica que “entre estos dos sentidos hay razones para afirmar que el significado constitucionalmente legítimo recae sobre todo en el segundo [o de saber como resultado dun proceso de aprendizaxe]; razones que, como vamos a ver, se sustentan en una interpretación global del artículo 3^o CE a la luz del principio de libertad, pero que comienzan a tomar cuerpo en los propios antecedentes parlamentarios del precepto” (p.42). Ademais conclúe que “interpretada así la locución <<deber de conocer>>, nada se opone a que las lenguas propias de las Comunidades Autónomas puedan ser también objeto de enseñanza obligatoria” (p.46).

sas declaracións verdadeiros deberes xurídicos esixibles aos cidadáns e provistos de consecuencias en caso de incumprimento. Non hai máis que lembrar que a Constitución establece entre outros o “dereito e o deber” ao traballo que nin na súa vertente de dereito nin na cara oposta de deber configura unha auténtica esixencia xurídica para os potenciais incumpridores. ¿Cómo lles esiximos aos poderes públicos que fagan efectivo o noso dereito ao traballo? ¿Como se nos pode obrigar a traballar se non o desexamos?. Nun incisivo estudio sobre a idea de deber constitucional S. VARELA chegaba á conclusión que os deberes proclamados pola Constitución son simples manifestacións de desexos do lexislador sen alcance xurídico ningún mentres non exista un desenvolvemento lexislativo. En derradeiro termo eses deberes constitucionais poden ser interpretados como “unha lexitimación para a intervención do poder público en determinadas relacións sociais ou en certos ámbitos da autonomía persoal” pero non como preceptos xeradores de deberes xurídicos para os particulares. En definitiva, estes deberes representarían ámbitos de in-

tervención do poder público para procurar o cumprimento de valores superiores do ordenamento⁸. Neste sentido, as disposicións legislativas para asegurar a aprendizaxe do castelán no ensino serían unha tradución dese deber constitucional porque son actuacións do poder público pero, seguindo o razoamento exposto, non existiría un verdadeiro deber esixible xurídicamente para a xeralidade dos cidadáns de coñecer o castelán.

Mesmo en relación co indiscutido deber de coñecer o castelán por parte de tódolos cidadáns con nacionalidade española existen ámbitos nos que para garantir outros dereitos considerados superiores ou prioritarios se facilitan medios para poder comunicarse noutras linguas a cidadáns suxeitos a ese deber. É este o caso dos escolares nos primeiros anos de educación nos que se admite a escolarización exclusivamente na lingua materna. Tamén é o caso da garantía de defensa efectiva e dun xuízo xusto

⁸ VARELA DIAZ, S., "La idea de deber constitucional", Revista Española de Derecho Constitucional, nº 4, ano 2, Xaneiro-abril 1982.

facilitando sistemas de tradución para cidadáns españois con linguas distintas do castelán. O propio Tribunal Constitucional na Sentenza 74/1987, de 25 de maio, matiza a contudencia do deber de coñecer o castelán neste caso dicindo "ciertamente, el deber de los españoles de conocer el castellano, antes aludido, hace suponer que ese conocimiento existe en la realidad, pero tal presunción puede quedar desvirtuada cuando el detenido o preso alega verosíblemente su ignorancia o conocimiento insuficiente o esta circunstancia se pone de manifiesto en el transcurso de las actuaciones policiales". En definitiva non existe un deber absoluto, temporal ou circunstancialmente, de coñecer o castelán xa que caben excepcións para garantir outros valores e dereitos superiores do noso ordenamento⁹.

En terceiro lugar a proclamada inexistencia dun deber parello de coñecemento das outras linguas

⁹ Non se debe esquecer aquí, tal e como indica GARCIA NEGRO, P., Dereitos lingüísticos e control político, Ed. Laiovento, Santiago 2000, p.21, o paradoxo de que os estranxeiros si ven recoñecido o seu dereito a poder usar a súa lingua en certas relacións coa Administración.

cooficiais tamén atopa excepcións que contribuen a facer máis difuso o aparentemente diáfano cadro dos dereitos e deberes lingüísticos. O mesmo TC, contundente na declaración de inexistencia dese deber para as outras linguas oficiais do Estado, ven admitindo reiteradamente excepcións en relación con certos suxeitos que gardan unha relación de especial suxeición cos poderes públicos, nomeadamente os estudantes nos ciclos obrigatorios do ensino e os funcionarios. Non existe dúbida de que a voluntariedade absoluta na configuración do ámbito lingüístico dos cidadáns cede, unha vez máis, ante a necesidade de preservar outros valores e dereitos.

No caso dos deberes establecidos en relación cos estudantes admítese que a oficialidade dunha lingua e a necesidade de protección desta -é dicir os aspectos colectivos dos dereitos lingüísticos- prevalecen sobre os dereitos individuais dos cidadáns alomenos durante o seu período de escolarización obrigatoria. Para garantir a supervivencia das linguas cooficiais é preciso asegurar o seu coñecemento entre as novas xeracións. Esta consideración abre

as portas á introdución das linguas nos curricula escolares como materia de estudo e como vehículo de comunicación sen que caiba a alegar a inexistencia dun deber de coñecemento. Este deber non se limita ademais a unha mera recepción pasiva de coñecementos senón que será avaliada e é un requisito imprescindible para a obtención das certificacións oficiais de superación dos distintos niveis escolares.

Dun modo semellante arguméntase o deber de coñecemento das linguas por parte dos funcionarios. Admítese pola xurisprudencia constitucional que a garantía dos dereitos lingüísticos individuais dos cidadáns precisa dunha preparación activa das estruturas administrativas para estar en disposición de responder ás súas demandas na súa lingua de elección. A Administración, composta por homes e mulleres con dereitos lingüísticos nas súas relacións privadas, terá que acomodar os seus efectivos para facer reais os dereitos dos administrados. Nese contexto os dereitos privados dos seus funcionarios transfórmanse en deberes da Administración de cara a fora polo que cabe a esixencia de comunicación cos cida-

dáns nunha lingua distinta á habitual do funcionario se esta é a lingua de elección do cidadán e, polo tanto, existe un deber dos funcionarios de coñecer as outras linguas oficiais. Como indica BAÑO LEÓN pódense restrinxir ou limitar dereitos fundamentais como o acceso á función pública en condicións de igualdade ou o de liberdade de circulación no territorio do Estado para garantir o exercicio efectivo da cooficialidade lingüística¹⁰. É certo que este deber non alcanza a tódolos funcionarios en igual medida pero si que progresivamente a Administración debe estar en condicións de non violar, esta é a cuestión, os dereitos lingüísticos dos seus cidadáns. Con esa finalidade, o Tribunal Constitucional recoñeceu que “nada se opone a que los poderes públicos prescriban, en el ámbito de sus respectivas competencias, el conocimiento de ambas lenguas para acceder a determinadas plazas de funcionario o que, en general, se considere un mérito entre otros... el nivel de conocimiento de las mismas”¹¹

10 BAÑO LEÓN, J.M., “El ejercicio del pluralismo lingüístico en la Administración Pública”, Revista Española de Derecho Administrativo, nº54/1987.

11 STC 82/86, de 26 de xuño, sobre a Lei de Normalización Lingüística do País Vasco.

Vemos, xa que logo, como no ámbito xurídico-público o TC admite excepcións tanto ao deber de coñecer o castelán como á inexistencia dun deber de coñecemento doutras linguas.

IV. A progresividade no deber de coñecemento como límite temporal á interpretación da Constitución

Existe, ademais, unha última cuestión que abre unha fenda na restritiva interpretación do TC sobre os deberes lingüísticos que se deriva da xurisprudencia constitucional. O TC menciona reiteradamente nas súas decisións que a adaptación ao novo marco constitucional de recoñecemento das linguas debe realizarse de xeito progresivo polo que tanto os cidadáns como, sobre todo, os poderes públicos deberán emprender as accións necesarias para garantir os dereitos lingüísticos pero a súa esixibilidade non é total e absoluta desde o primeiro momento. Este razoamento serviu para limitar a esixibilidade de medidas efectivas aos poderes públicos dado que estes deberían facer unha adaptación progre-

siva que poderían prolongarse no tempo. Tamén contribuíu a protexer a aqueles funcionarios e estudantes reticentes ante a aparición dun deber de coñecemento dunha nova lingua permitindo unha adaptación gradual ao novo marco.

Máis cremos que a predicada progresividade en relación cos dereitos lingüísticos ten que ter como contrapartida unha progresividade nos deberes. Por exemplo, cabe pensar que os estudantes escolarizados en calquera das linguas cooficiais adquiren uns deberes lingüísticos que non desaparecen unha vez rematada a súa escolarización polo que, progresivamente, un sector maior da poboación terá non só dereito ao uso das outras linguas senón tamén un deber de coñecemento¹².

Alba Nogueira López

Profesora de Dereito Adtvo. Universidade de Santiago

12 AGIRREAZKUENAGA, I., "Reflexiones jurídicas sobre la oficialidad y el deber de conocimiento de las lenguas", en Estudios sobre la Constitución Española. Homenaje al Prof. García de Enterría, Civitas, t.II, Madrid, 1991, p.683-4, defende, en sintonía co Consello Consultivo catalán, que a ignorancia da lingua propia non poda ser alegada polas persoas escolarizadas tamén nesta lingua polo que no futuro só poderían alegala polos que residiran fora da Comunidade Autónoma.

Este libro editouse para homenaxear ao
Maxistrado D. Orencio Pérez González,
no X aniversario do seu pasamento,
co gallo da descuberta do seu monumento erixido
pola Concellería de Cultura do Concello de Vigo
o día 31 de outubro de 2008.

